

# NA UNIVERSIDADE AVANZA CO GALEGO

Guía para mellorar a  
redacción do TFG e do TFM

María Cristina Rodríguez Ricart  
Eva María Castro Figueiras

Universida de Vigo



XUNTA  
DE GALICIA

---

© do texto, as autoras

---

Universidade de Vigo, 2020  
Área de Normalización Lingüística  
[uvigo.gal/campus/lingua](http://uvigo.gal/campus/lingua)

---

Deseño

**Desoños**

---

Impresión

**Agencia Gráfica**

---

ISBN

**978-84-8158-871-2**

---

Depósito legal

**VG 522-2020**

---



A redacción do traballo de fin de grao (TFG) e do traballo de fin de mestrado (TFM) constitúe unha sorte de síntese dos saberes cos que o estudantado interactou durante a súa formación universitaria. Malia as diferenzas entre un e outro, cómpre salientar aquilo que os unifica como xénero discursivo; en concreto, o rigor e o coidado no uso da lingua esperable nun traballo desta índole.

A Universidade de Vigo, desde o respecto á elección lingüística de cada estudante, ten como obxectivo preferente a promoción e o fomento do uso do idioma galego na redacción e na defensa oral dos TFG e dos TFM. Por este motivo, entre as funcións da Área de Normalización Lingüística está achegarlle soporte técnico a toda a comunidade universitaria que opte polo galego como canle de comunicación, incluída a elaboración destes traballos. Para tal encomenda, elaboramos esta guía, especificamente pensada para o alumnado que cursa o derradeiro ano do seu grao ou que está a realizar un mestrado.

Coa finalidade de ser un material útil, agás algunha excepción, os exemplos que incluímos proceden dunha exhaustiva revisión de TFG e TFM presentados nos últimos anos ás axudas da Universidade de Vigo. O correcto uso da lingua galega, incluído o emprego dunha linguaxe inclusiva é inherente á calidade científica, técnica ou artística do traballo presentado.

**Se queres avanzar co galego, esta é a túa guía!**



## Agradecementos

Por razóns evidentes, este libro está en débeda con todos os alumnos e alumnas que presentastes os TFG e os TFM, nos últimos anos, tanto ás diferentes convocatorias de axudas a traballos académicos redactados en galego coma aos premios á calidade lingüística organizados desde a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo. A exhaustiva revisión dunha relevante cantidade deles permitiunos extraer numerosos exemplos do que se debe e, nomeadamente, do que non se debe facer na escritura académica en galego. Así, agradecemosvos que compartídeses connosco os vosos textos dos que, en moitos casos, tiramos exemplos reais para podermos contribuír con este libro a dar claves a prol da mellora da calidade lingüística no galego académico escrito.

Ademais, non podemos esquecer a axuda das bolseiras e bolseiros que cada ano elixen a ANL para compartir e, asemade, mellorar os seus coñecementos no dominio da lingua galega. A vosa axuda na procura de exemplos, na revisión lingüística dos TFG e dos TFM foi moi benvida. A todas e todos vós, moitas grazas!

OBSERVACIÓNS LINGÜÍSTICAS .....	15
» Abreviaturas .....	16
» Acentuación.....	17
» Acrónimos.....	21
» Artigo.....	21
» Castelanismos .....	23
» Citas textuais.....	30
» Comiñas.....	32
» Comparación.....	33
» Concordancia.....	34
» Contraccións.....	35
» Cursiva .....	37
» Estranxeirismos.....	38
» Feminino .....	39
» Infinitivo.....	40
» Infinitivo conxugado .....	41
» Linguaxe inclusiva .....	42
» Maiúsculas.....	44
» Minúsculas .....	48
» Números.....	53
» Participio.....	55
» Perífrases verbais.....	56
» Plural .....	57
» Prefixos .....	58
» Preposición <i>a</i> co complemento directo (CD) .....	59
» Pretérito de subxuntivo.....	60
» Pronomes persoais átonos.....	61
» Siglas.....	65
» Símbolos.....	66

» Toponimia.....	67
» Tradución dos nomes propios.....	69
» Verbos con alternancia vocálica.....	70
» Versaleta.....	71
» Voz pasiva.....	72
» Xerundio.....	73

## SOLUCIÓNS A ERROS RECORRENTES ..... 75

## CLAVES PARA MELLORAR OS NÓSOS TRABALLOS..... 90

## CRITERIOS LINGÜÍSTICOS ADOPTADOS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO ..... 92

## RECURSOS E FERRAMENTAS INFORMÁTICAS..... 94

## MATERIAL DIDÁCTICO DA ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA ..... 96

## ANEXOS ..... 98

» Abreviaturas.....	99
» Acento diacrítico.....	101
» Estranxeirismos innecesarios.....	102
» Malas herbas.....	112
» Siglas e acrónimos.....	122
» Táboa periódica dos elementos.....	125
» Termos abstractos (linguaxe inclusiva).....	127
» Termos xenéricos e colectivos (linguaxe inclusiva).....	128

# ÍNDICE TEMÁTICO

## ACENTUACIÓN » 17, 101

- » Acento gráfico \_ 17
  - » Levan \_ 17
  - » Non levan \_ 18
- » Acento diacrítico \_ 20

## ARTIGO » 21

- » Presenza \_ 21

## COMPARACIÓN » 33

- » *coma* e *ca* \_ 33
- » *como* e *do que* \_ 33
- » *coma/como* ou *ca/que* \_ 33

## CONCORDANCIA » 34

- » Artigo + substantivo \_ 34
- » Substantivo + adxectivo \_ 35
- » Suxeito + predicado \_ 34
- » Pronome *quen* \_ 35

## CONTRACCIÓNES » 35

- » *a, con, de, en, por* + artigo \_ 35
- » *de, en* + demostrativo \_ 36
- » *de, en* + indefinidos \_ 36
- » *de, en* + pronome persoal tónico \_ 36



## FEMININO » 39

- » -án > á \_ 39
- » -ón > -oa \_ 39
- » Terminacións diferentes \_ 39
- » Substantivos invariables \_ 39

## INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS » 23, 38, 91, 102

- » Castelanismos \_ 23
  - » Acentuación \_ 23
    - › Graves \_ 23
    - › Esdrúxulas \_ 24
  - » Xénero \_ 24
    - › Feminino \_ 24
    - › Masculino \_ 24
  - » Baile de letras \_ 25
    - › b/v \_ 25
    - › Ø h \_ 25
    - › Ø n \_ 25
    - › s/x \_ 25
    - › -bs- \_ 26
    - › -cc- \_ 26
    - › -c \_ 26
    - › -ct- \_ 27
    - › -t \_ 27
    - › -zo, -za/-cio, -cia \_ 27
    - › -e \_ 28
  - » Adxectivo \_ 28
    - › Presente \_ 28
    - › Previo/a \_ 28
    - › San/Santo \_ 29
    - › Gran/Grande \_ 29
  - » Indefinidos \_ 29
    - › Dobre negación \_ 29
    - › Mesmo(s)/Mesma(s) \_ 30
- » Estranxeirismos \_ 38, 91, 102
  - » Letra redonda \_ 38
  - » Letra cursiva \_ 38

## LINGUAXE INCLUSIVA » 42, 127

- » Xenéricos e colectivos \_ 42, 128
- » Abstractos \_ 42, 127
- » Cambios mínimos de redacción \_ 42
  - » Omisión do determinante \_ 42
  - » Emprego de determinantes ou pronomes neutros \_ 43
  - » Alternancia de xénero \_ 43

## ORTOTIPOGRAFÍA » 16, 18, 21, 30, 32, 34, 37, 38, 42, 44, 48, 53, 57, 58, 65, 66, 69, 91, 102, 122, 125

- » Abreviaturas \_ 16, 99
- » Acrónimos \_ 21, 122
- » Siglas \_ 65, 122
- » Símbolos \_ 66, 125
- » Barra (/) \_ 43, 54
  - » Ano académico \_ 54
  - » Linguaxe sexista \_ 43
- » Citas textuais \_ 30
- » Coma (,) \_ 54, 91
  - » Non separar suxeito do predicado \_ 91
  - » Nos decimais \_ 54
- » Comiñas («») \_ 30, 32
  - » Citas textuais \_ 30
  - » Títulos de partes internas dunha publicación \_ 32
  - » Títulos demasiado extensos dentro dun texto \_ 32
- » Cursiva \_ 37, 38
- » Títulos \_ 32, 37, 45, 69
- » Nomes científicos \_ 37
- » Símbolos de magnitudes \_ 37
- » Préstamos doutras linguas \_ 38, 91, 102
- » Guión (-) \_ 18, 34, 58
  - » Prefixo ex- \_ 58
  - » Palabras compostas \_ 18, 34

- » Maiúsculas \_ 18, 21, 44, 65
  - » En todos os termos \_ 44
  - » Só no primeiro termo \_ 46
- » Minúsculas \_ 48
- » Números \_ 53
  - » Cifras \_ 53
  - » Letras \_ 54
- » Parénteses ( ) \_ 57

### **PREFIXOS » 58**

- » *ex-* \_ 58
- » *post-/pos-* \_ 58
- » Outros \_ 58

### **PLURAL » 35, 50, 57, 65, 66**

- » -l > -les \_ 57
- » -l > -is \_ 57

### **PREPOSICIÓN A » 40, 59**

- » *a* + complemento directo (CD) \_ 59
- » *a* + infinitivo \_ 40

### **PRONOMES PERSOAIS ÁTONOS » 61**

- » Formas \_ 61
  - » *te/che* \_ 61
  - » *CD* \_ 61
  - » *CI* \_ 62
  - » *CD + CI* \_ 62
- » Colocación \_ 63
  - » *Detrás* \_ 63
  - » *Diante* \_ 63
  - » *Indistinto* \_ 64

## SOLUCIÓNS A ERROS RECORRENTES » 75, 112

- » a cotío \_ 76
- » a partires de \_ 76
- » a pesares de \_ 76
- » a súa vez \_ 76
- » a veces \_ 77
- » adicar \_ 77
- » aparte de \_ 77
- » aportación, aportar \_ 77
- » asignatura \_ 78
- » asimesmo \_ 78
- » búsqueda \_ 78
- » ca (contracción) \_ 78
- » calquer \_ 79
- » cara (loc. prep.) \_ 79
- » contemplar \_ 79
- » crees \_ 79
- » custe \_ 79
- » de acordo a \_ 80
- » de seguido \_ 80
- » derradeiro \_ 80
- » descripción, descriptivo \_ 80
- » desenrolar, desenrolo \_ 80
- » deterioro \_ 81
- » diferencia \_ 81
- » diminución, disminuir \_ 81
- » e (verbo 'ser') \_ 81
- » eixo \_ 82
- » elo (pron. dem. neutro) \_ 82
- » en canto \_ 82
- » en relación a \_ 82
- » entorno \_ 83
- » estudar, estudio \_ 83
- » fai \_ 83
- » financiación \_ 83
- » fora (adv.) \_ 84
- » garantir \_ 84
- » goce \_ 84
- » grado \_ 84
- » inversión, invertir \_ 85
- » listado \_ 85
- » plantexamento, plantexar \_ 85
- » presenza \_ 85
- » profundizar \_ 86
- » recorrer, recorrido \_ 86
- » reflexar \_ 86
- » retrasar, retraso \_ 86
- » se non (conx.) \_ 87
- » según \_ 87
- » sen embargo \_ 87
- » si (conx.) \_ 87
- » soer \_ 88
- » subministro \_ 88
- » tal vez \_ 88
- » una (art.) \_ 88
- » valer a pena \_ 89
- » vamos \_ 89
- » xenerar \_ 89
- » xeralizar \_ 89

## TOPONIMIA » 67

- » Galega \_ 67
- » Foránea \_ 68

## TRADUCCIÓN » 69

- » Institucións e organismos públicos \_ 69
- » Universidades estranxeiras \_ 69
- » Títulos legais \_ 69

## VERBO: USOS INCORRECTOS » 40, 41, 55, 56, 60, 70, 72, 73

- » Alternancia vocálica \_ 70
  - » Alternancia *i/e* \_ 70
  - » Alternancia *u/o* \_ 71
- » Pretérito de subxuntivo \_ 60
- » Infinitivo \_ 40
  - » Erro 1. Verbo principal dunha oración \_ 40
  - » Erro 2. Valor de mandato \_ 40
  - » Erro 3. Substantivo + a + infinitivo \_ 40
- » Infinitivo conxugado \_ 41
- » Participio \_ 55
  - » Erro 1. En substitución dunha estrutura verbal pasiva \_ 55
  - » Erro 2. Ao comezo dunha oración con valor temporal \_ 55
- » Perífrases verbais \_ 56
  - » Ir + infinitivo \_ 56
  - » Vir + de + infinitivo \_ 56
  - » Ter + participio \_ 56
- » Voz pasiva \_ 72
  - » Pasiva reflexa (verbo en voz activa + *se*) \_ 72
  - » Pasiva (*ser* + participio) \_ 72
- » Xerundio \_ 73
  - » Erro 1. De posterioridade \_ 73
  - » Erro 2. Valor especificativo \_ 73
  - » Erro 3. Causal-consecutivo \_ 73



# OBSERVACIÓNS LINGÜÍSTICAS

## ABREVIATURAS

Representacións gráficas reducidas dunha palabra ou dun grupo de palabras, despois de eliminar algunhas das letras ou das sílabas da súa escritura completa. O seu uso adoita limitarse a contextos moi determinados.

### PECHÁMOLAS CUN PUNTO

Núm. de persoas asalariadas

Tfno. de contacto

Nesta época chegaron a construírse uns cen trirremes (fig. 5), co que a frota ateniense pasou a contar cuns douscentos.

### CONSERVÁMOSLLE O ACENTO GRÁFICO DA PALABRA PLENA

Núm. de páxinas, tamaño, encadernado...

(véx. a táboa 5)

O tema da célula comeza na páx. 25.

### ESCRIBÍMOLAS CON LETRA VOADA (ALGUNHAS FIXADAS POLO USO)

Os cuestionarios de 1.º da ESO e as entrevistas realizáronse nun día.

Á miña nai M.ª José, ao meu pai Javier e ao meu irmán Manuel, que me axudaron todos estes anos.

A 1.ª edición do proxecto estivo aberta ao público durante dúas semanas.

A investigación céntrase no alumnado de 4.º e 5.º de infantil.

### NON POÑEMOS UNHA COMA ANTES DE ETC.

Na vida diaria as persoas realizan viaxes por curiosidade, desexo, necesidade, demandas laborais, estudos etc.

Os grupos de interese poden estar formados por accionistas, persoal empregado, clientela, comunidades locais, sociedade, gobernos etc.

Hai países que exclúen da liberdade de expresión calquera manifestación que promova racismo, xenofobia, antisemitismo etc.



## GRAFAMOS UNHA COMA DESPOIS DE ETC. CANDO NON REMATA A ORACIÓN

O uso de dispositivos móbiles, tabletas, ordenadores *etc.*, é máis frecuente.

Deste xeito, a planificación, a organización, a flexibilidade, a regulación emocional *etc.*, pasan a desempeñar un rol secundario.

A prensa ten moitas funcións: comunicativa, educativa, publicitaria *etc.*, visibles e das que somos conscientes.



## ACENTUACIÓN

O acento gráfico ou ortográfico (´) indica a sílaba tónica (acentuación de intensidade) ou marca a vogal aberta de pares de palabras escritas igual, pero con significados distintos (acentuación diacrítica).

### LEVAN ACENTO GRÁFICO

» As vogais *i*, *u* cando van antes ou despois dunha vogal átona para indicar que pertencen a sílabas diferentes (hiato):

Podemos *concluír* que os libros se adaptan ao especificado no currículo.

Mecánica de *fluídos*

Os valores da marca e a súa identidade deben *construírse* con verdades e deste modo afianzar máis facilmente o público.

É un tema que *aínda* non causa moito *ruído* na sociedade.

» Os verbos con pronomes enclíticos ou coa segunda forma do artigo compórtanse como unha soa palabra:

O seu maior impacto *dáse* habitualmente na infancia e na xuventude.

Ti *dá-la* nota o día da inscrición.

Este rapaz *éche* o demo: *véncheme* dicir que non estudará.

Esta situación *facilítalle* ao público xeral nocións sobre a interpretación.

*Estimúlame* a buscar información.

- » As palabras compostas unidas por guión seguen as regras xerais en cada elemento:

Os contidos **sintáctico-discursivos** tamén se tratarán de maneira gradual.

Estas materias distribúense no segundo e no terceiro curso e case todas elas teñen docencia **teórico-práctica**.

Traballarase o feminismo dentro da educación plástica desde a **vídeo-arte** e o deseño.

- » As letras maiúsculas conservan o acento gráfico correspondente:

É importante considerar que a presentación deste traballo de fin de grao presenta algunha que outra limitación.

#### ÍNDICE

Á hora de crear a identidade da marca no plano gráfico, esta constrúese dunha forma que axuda a asociala cos seus valores ou co seu posicionamento.

## NON LEVAN ACENTO GRÁFICO

- » Os monosílabos, agás os que presentan acento diacrítico:

Este mestrado supuxo para **min** todo un reto.

Decateime de que o interesante era o proceso en **si** mesmo.

É o único queixo de ovella feito en Galicia a base de leite **crú**.

Plataforma en liña que permite relacionar xente entre **si**.

- » As palabras agudas rematadas en ditongo decrecente (*a, e, o + i, u; i + u*) e en tritongo:

**Ademais** de tentar acadar o obxectivo tamén se agarda adquirir algunha das competencias que se reflicten na guía docente do traballo de fin de grao.

Este proxecto educativo **serviu** para que o alumnado tomase consciencia do papel imprescindible que tivo a muller na sociedade tradicional.

Recentemente, **quizais** o máis lembrado sexa o episodio de seca que afectou a Galicia durante gran parte de 2017.

Tamén se **conseguiu** reducir ao máximo a esencia da marca mostrando unha mensaxe simple e clara sen perder a correlación coa identidade anterior.

Van creando esquemas cada vez máis precisos que lles permiten coñecer as características propias de cada obxecto para diferencialo dos demais.

» Os pronomes e os adverbios interrogativos exclamativos:

**Por que** se algúns dos proxenitores son galegofalantes a maioría das criaturas fala habitualmente en castelán?

**Como** se chaman as células sexuais de cada un dos aparellos reprodutores?

**Que** dicir del ou dela?

» O primeiro termo das palabras compostas sen guión:

Asemade, é posible que as mozas non se interesen pola informática debido ao estereotipo de informático, introvertido fanático dos cómics e dos **videoxogos**.

Adestra dúas veces á semana ao **balonmán**.

A xuntanza de mañá será por **videoconferencia**.

» Os adverbios rematados en *-mente*:

Sentín a necesidade de contextualizar **historicamente** etapas concretas das miñas antepasadas.

Durante a gravación, os meus ollos e a cámara iamox dixerindo a conxuntura **simultaneamente**.

O primeiro elemento que se debe observar é a súa formación exterior, é dicir, **unicamente** a forma xeométrica do escudo.

Desta maneira, a súa reprodución en calquera soporte adecuarase **facilmente**.

O índice de Huglin cataloga **climaticamente** esta zona vinícola entre temperada e temperada cálida.

» Os pronomes demostrativos:

**Estas** fan que as persoas reduzan a súa inxesta e sufran vómitos e diarreas que xeran anorexia e perda de nutrientes e auga.

Ademais, **estes** foron pioneiros e marcaron o camiño para que logo xurdise unha serie de produtos de iniciativa privada.

**Este** ofrécese como espello do funcionamento psicolóxico que xera as conexións entre conceptos.

Segundo poida unha letra dividirse en dúas ou máis, **esta** pertencerá a un nivel ou a outro.

O mestre comentoume a existencia da máquina láser e os materiais que **esta** soportaba.

#### » As formas condicionais do verbo (1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> persoas do plural):

Por estes motivos **poderíamos** considerar o proceso de aprendizaxe coma un tipo de ocio.

Durante a gravación, os meus ollos e a cámara **íamos** dixerindo a conxuntura simultaneamente.

Ao concibir a folia coma unha pantalla de ordenador, os poetas concretos anticiparon a forma na que **traballáramos** no mundo dixital medio século despois.

O dato da idade na enquisa dos proxenitores era importante, pois **queríamos** saber se estudaran música na súa infancia.

Sen elas non **teríamos** consciencia da súa existencia.

Mediante o **acento diacrítico** diferenciamos palabras escritas igual pero con significados distintos (homógrafas). Un dos trazos característicos da lingua galega é a existencia na fala de sete vogais diferenciadas polo grao de abertura, que se representan na escrita con cinco letras. No caso das vogais medias (*e, o*), o acento diacrítico indícanos a vogal aberta:

A súa finalidade **é** minimizar ou maximizar funcións non lineais xerais.

O caso **máis** favorable sería o último.

**Cómpre** analizar e verificar o grao de cumprimento.

Isto **dá** lugar a complexos híbridos con novos estados enerxéticos que substitúen os orixinais.

As características persoais gozan de vital importancia dentro e **fóra** do proceso de ensinanza.



## ACRÓNIMOS

Acurtamentos de palabras que permiten a lectura silabada. A diferenza das siglas, compóñense de máis letras ca as iniciais dos elementos que constitúen o sintagma.

- » Escribímolos con inicial maiúscula, independentemente de que nos logotipos figuren con todas as letras en maiúsculas:

Deberán formalizar a súa matrícula no programa xenérico da Escola Internacional de Doutoramento (**Eido**).

O **Cinbio** (Centro de Investigacións Biomédicas) sitúase no campus de Vigo.

A parte experimental levouse a cabo no laboratorio da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (**Ecimat**) desde o 5 de maio ata o 13 de xuño.

Parece ser que unha das principais ameazas do Museo de Arte Contemporánea de Vigo (**Marco**) é a limitación económica.

Para esta tarefa deberá buscar en Google ou no *Diario Dixital da Universidade de Vigo* (**Duvi**).



## ARTIGO

Con frecuencia omitimos os artigos, ao igual ca as preposicións e as conxuncións, por economía lingüística. Ocorre, por exemplo, en títulos, listaxes, letreiros etc.

- » Este feito, denominado escrita telegráfica, limita a comunicación coa persoa destinataria e cómpre evitalo:

Os resultados revelaron varias cuestións ao poñer o foco na área **das** competencias e **das** capacidades.

Estes foron os resultados segundo **o** sexo do alumnado.

Segundo **os** datos facilitados pola comisión, case 130 millóns de persoas pertencentes á Unión Europea están en idades comprendidas entre os 55 e os 80 anos.

Non supón en absoluto **unha** perda de tempo.

**Os** temas e **as** preocupacións que captan a atención son os que proveñen dos medios de comunicación.

» Cos posesivos, agás os nomes de parentesco máis próximos:

Neste traballo realízase unha aproximación *á súa* vida e *á súa* obra.

Debido ao feito anterior, as conclusións están referidas *á miña* experiencia como alumna.

Definición das variables cuantificadas e *os seus* procedementos de aplicación dentro das regras do xogo

O propio Urano decidiu nomear *os seus* fillos.

Volvemos agora á importancia que tivo *o seu/seu pai* nos seus inicios e formación.

» Cos indefinidos *todos/as*, *ambos/as* e *entrambos/as*:

*Ambos os* termos dependen da hora do consumo da electricidade.

O enlace de *todas as* teorías daría coa clave sobre a incidencia dos medios de masas na opinión pública.

*Ambas as* etapas forman parte dun mesmo proceso.

» Cos adxectivos *presente*, *citado*, *devandito* e *dito*:

*Os devanditos* factores coméntanse con máis detalle a continuación.

Para efectuar *a dita* posproducción cómpre manexar diferentes programas.

Fixaremos uns obxectivos para *a presente* investigación.

*No citado* concepto inclúense varios grupos humanos.

» Coas estacións do ano:

Entre finais *do inverno* e principios *da primavera*, as xemas orixinan novas vides coas súas respectivas follas, gabiáns e inflorescencias.

*No verán* deste mesmo ano consideramos a posibilidade de facer un videopoema a partir da miña reinterpretación dos seus versos.

A temperatura é lixeiramente máis elevada nos meses *do verán*.

» Cos substantivos *casa*, *clase*, *cama*, *man*, *misa* etc.:

Son estudantes que viven *na casa* dos seus proxenitores e sen ingresos propios.

Contar cun encerado dixital supón un adianto notable na dinámica *da clase*.

Nela tamén se propoñen cuestións como coñecer os recursos tecnolóxicos que posúen *na casa*, o cal pode influír na súa decisión final.

» Coas datas das leis:

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia

» Con algúns topónimos, porque así é a denominación oficial:

Ocorre en concellos veciños como Vilagarcía de Arousa ou O Grove.

Entre as parroquias de Cangas do Morrazo atópase O Hío.

A Festa do Polbo celébrase no Carballiño.

O Porriño é un concello da provincia de Pontevedra.



## CASTELANISMOS

A posición dominante do castelán está a exercer unha presión continua sobre o galego que pexa a nosa lingua.

### ACENTUACIÓN

» Palabras graves

Atopámonos ante problemas propios deste ámbito que non teríamos que enfrontar.

Para seleccionar as plantas que vou debuxar busco as que polas súas características morfolóxicas poidan recordar a caracteres ambiguos.

O adestramento da elite para desenvolver ambas as tarefas era duro.

Isto acadouse grazas ao uso das variadas cores que presentan os corpos celestes e das formas vivas que neles se producen, ademais do achegamento ás súas atmosferas.

O óso trabecular está formado por poros de tamaño variable cheos de medula ósea ou graxa.

## » Palabra esdrúxulas

Empregáronse ceras **téxtiles** para realizar os deseños.

Son as achegas que fixo no seu **período** docente.

Isto invéstigase detidamente, pois as áreas somatotópicas dos cotos son escasos e adoitan estar ocupadas por **eléctrodos** nas persoas amputadas.

No ano 1992 a ONCE consegue participar nas **paraolimpíadas** con persoas de diversa discapacidade ás que axudou a desenvolver a súa carreira profesional como deportistas.

Este traballo **apóíase** na clasificación de problemas de tradución da autora Christine Nord.

## XÉNERO

### » Substantivos masculinos

É significativo **o labor** de ordenar o material que se posúe para buscar un ritmo.

Transmite segredos ou información confidencial **co fin** de promover rumores difamatorios.

Orixe **do sal** na dieta

Este novo puxo do sector debe traer consigo xente nova que lle achegue renovación e novas formas de traballar a un sector estancado en **vellos costumes**.

Está baseado nun microprocesador que executa unha rutina programada para activar **os sinais** de disparo do convertedor.

### » Substantivos femininos

En primeiro lugar, realizouse **unha análise** descritiva.

Entre **a porcentaxe** de respostas que non mostra interese, detállase que un dos motivos é a falta de dominio lingüístico.

A procura dun camiño **á marxe** destes conceptos estéticos foi unha das decisións que en maior medida afectan o meu traballo.

Cada individuo anima e facilita **a aprendizaxe** das demais persoas.

Aínda que **na súa orixe** se formulan con boa intención, poden reforzar os problemas de saúde mental.



## BAILE DE LETRAS

### » B/V

A **covardía** nas accións militares e as mostras de desapego cara aos seus iguais eran respondidas cunha forte exclusión social.

O graffiti azul está composto de resinas ou **vernices** de tipo alquídico e poliésteres.

Microscopia electrónica de **varrido** con sonda

A chegada do WhatsApp provocou que esteamos pendentes do teléfono **móbil** en todo momento.

### » Sen H

Debe ser unha aprendizaxe significativa, conectada cos coñecementos que o neno ou nena xa ten, e a partir de **aí** trataremos de amplialos e de desenvolvelos.

A **inchazón** da picadura era moi grande.

Cando se encontraron na rúa só dixeron «**ola**».

Hoxe, a tecnoloxía é capaz de suplir multitude de niveis de amputación: dedos, man, antebrazo, **úmero**, **ombreiro** etc.

### » Sen N

É unha artista dedicada á xoiaría que expón coma un mapa, no que o público espectador pode percorrer os lugares, os momentos e as vivencias moi **persoais**.

Abrangue diferentes temas: festas, eventos deportivos ou **estreas** de cine.

A primeira etapa, ao igual ca as precedentes, non finalizou ao **comezar** a seguinte, senón que se mantiveron paralelas en todo momento como canle de investigación.

### » S/X

Desencadeou un conflito entre elas e produciu o final da época de máis **esplendor** da Grecia antiga.

Esta coincidencia con varios apartados non é **estraña**.

Segundo as enquisas, a **taxa** de poboación en risco de pobreza ou exclusión aumenta desde 2008 a un 25,4 %.

Os videoxogos e outras realidades están **estendendo** o seu uso no adestramento de próteses mioeléctricas.

» -BS-

É posible utilizar solos pobres cunha boa drenaxe ou **substratos** artificiais.

Desexas **subscribirte** a unha revista?

Do contrario produciranse zonas de sombra provocadas polo mesmo alum-nado, así como intentar **substituír** as actuais lámpadas fluorescentes por lámpa-das de led de baixo consumo.

Cómpre atender aspectos como os mencionados ao inicio deste parágrafo que modifiquen de xeito relativamente **substancial** o noso sistema electoral.

Isto provoca que o estudantado defina o alimento das plantas como as **substancias** que estas toman do medio.

» -CC-

Comparto con ela a **predilección** por un espazo tan especial coma o recuncho.

A través do corte, da **subtracción**, échese o contido.

Cada un de nós seguindo o seu camiño, a súa **afección** que, a diferenza de anos pasados, esta vez non había unha pelota e uns bocadillos de por medio.

O estudo das formas tradicionais, os diferentes ornamentos de cada zona e cada forma de **cocción** tamén é moi destacable da miña experiencia.

Os valores determinan a vida de homes e mulleres de forma global, especial-mente as súas necesidades, os seus proxectos, as súas **conviccións** e as súas motivacións persoais.

» -C-

Outros materiais que se poden empregar son os xogos de **construción**, botóns, chapas e diferentes materiais que serven para agrupar, seriar e comparar (Piatek, 2009).

Narración de acontecementos pasados concretos, descrición de situacións pre-sentes e **predición** de sucesos futuros

A través das TIC atopamos unha variedade de instrumentos que servirán de axuda durante o traballo individual; por exemplo, **dicionarios** da lingua estranxeira dispoñibles en liña.

Precisan recibir sempre **instrucións** realmente claras sen dar información por sabida para poder realizar as actividades e os traballos.

**Introdución** ao concepto de masculinidade

» -CT-

O **obxectivo** principal do estudo é coñecer a adhesión á dieta mediterránea.

Sinalar **obxectos**, empregar **deícticos** ou realizar accións e xestos que aclaren o significado da mensaxe.

Soamente é posible unha reformulación do escudo e a súa instauración como identidade corporativa gráfica oficial do Concello de Cambados, se existe un **respecto** pola forma de base e as cores.

A mirada tan intensa coma extensa, tan **obxectiva** coma especulativa

» -T-

Aínda non podemos afirmar que as **condutas** e as actitudes machistas estean erradicadas.

E creo que o máis importante é que non paro de **flutuar** con mil ideas.

Non é novo o **conflito** entre a liberdade de expresión, o discurso de odio e a represión deste.

O desenvolvemento progresivo deste razoamento permítelle ao neno ou nena **estruturar** a súa mente, así como desenvolver a capacidade de razoar e fundamentalmente a de interpretar.

Estas son as variables que se analizarán co noso método **indutivo**.

» -ZO, -ZA/-CIO, -CIA

Moitas sociedades construíronse a partir das **diferenzas** anatómicas entre os sexos.

Os principais sectores das cooperativas italianas son construción, transporte, **servizos** de negocio, servizos sociais e sanidade.

Na **adolescencia** o espazo céntrase no estudo académico formal.

É importante amosar a **presenza** na rede de ambos os sexos.

Analizar a **influencia** que ten o uso de tecnoloxías no ámbito educativo, social e familiar do alumnado.

## » -E

Tanto os nenos coma as nenas foron capaces de identificar a maioría de partes do aparello reprodutor; porén, o **hime** xerou dúbidas e foi a parte peor contestada.

Na actualidade empresarial é un tema que está á **orde** do día.

Con **case** un milenio de antigüidade, o Santo Graal é o símbolo histórico que representa máis antigamente a Galicia como institución política.

A **sintaxe** da poesía mostra unha comprensión á natureza das cousas e a aceptación do comprendido.

Esta forte demanda de vivenda caeu radicalmente, e de forma paralela, a partir da aparición da **crise** financeira mundial derivada, principalmente, dunha **crise** hipotecaria.

## ADXECTIVO

### » *Presente* sempre acompaña un substantivo:

E para que así conste, asinamos o **presente documento**.

O **presente traballo** é unha disertación sobre o significado da «constitución económica» no eido doutrinal.

De ser así, só as **persoas presentes** aquel día terían opinións negativas a respecto do seu traballo.

A mostra estivo aberta ao público desde o 1 de decembro ata o 31 de xaneiro do **presente ano**.

### » *Previo/a* só significa 'anterior' e vai posposto ao substantivo. É incorrecta a estrutura *previo/a + substantivo*:

~~Tras elaborar un~~ **Previo** elaboración dun conxunto de fichas virtuais por parte da comunidade virtual da plataforma, o usuariado traballa o contido das tarxetas mediante a asociación mental e a repetición delas.

En cambio, non se observan diferenzas notables entre quen ten algunha titulación non obrigatoria ou experiencia profesional **previa** e quen non.

Sen dúbida, a miña formación **previa** como intérprete foi un factor decisivo á hora de canalizar a miña aprendizaxe nese eido.

- » *San/Santo*. *San* é a forma abreviada utilizada diante dos nomes propios que comezan por consoante. Pola contra, se o nome empeza por vogal emprégase *santo*:

O conxunto iconográfico da capela completábao unha imaxe de *San Bieito* e outra de *Santo Antón*.

A importancia desta capela é que nalgún momento chegou a ser igrexa parroquial antes de ser anexionada á actual (*San Martiño* de Cornoces).

Dúas parroquias son *Santo Estevo* de Saiar e *San Tomé* e Santa María.

Está situada na capela de *San Xoán*.

De autoría descoñecida sabemos que procede da igrexa de *San Verísimo* de Seixalbo en Ourense.

- » *Gran/Grande*. *Gran* é a forma apocopada usada ante substantivos en singular que comezan por consoante e *grande* para os que que empezan por vogal e por *h*-:

O sexismo de *grande* intensidade provoca actitudes misóxinas.

O proceso seguido para conformar estes grupos homoxéneos de *grande* heteroxeneidade detállase a continuación.

A creación desta pila supuxo un *grande* avance para o estudo da electricidade en xeral.

Atrévome cunha *gran* diversidade de temáticas e de estilos.

Puxéronse en práctica unha *gran* parte dos coñecementos adquiridos.

## INDEFINIDOS

- » Dobre negación. Os indefinidos *algún(s)*, *algunha(s)* e *alguén* non se poden utilizar nas oracións negativas. Nestes casos acudiremos ás formas negativas *ningún(s)*, *ningunha(s)* e *ninguén*:

Non hai dúbida *ningunha* de que cando a motivación non existe, o estudantado dificilmente aprende.

Non hai xustificación *ningunha* para que o sistema educativo quede estancado no antigo.

Non tiña participación *ningunha* na súa propiedade.

Sen dúbida *ningunha*, estas situacións provocan unha grande alarma social.

- » Mesmo(s)/Mesma(s). En galego este pronome indefinido nunca pode substituír algo xa mencionado antes (valor anafórico). Evitaremos este uso incorrecto acudindo aos pronomes persoais, demostrativos, posesivos ou, nalgúns casos, suprimilo:

Existen casos de violencia e de acoso dentro ~~dela~~ *da mesma*.

A crenza ~~neles nos mesmos~~ pode dar lugar ao establecemento de relacións negativas e tóxicas.

Co alumnado como protagonista, partírase da análise crítica ~~da súa realidade~~ *realidade do mesmo*.

Danse os mesmos valores de apertura ao final do período ca ~~ao seu inicio/inicio deste~~ *inicio do mesmo*.

## CITAS TEXTUAIS

- » As citas textuais de menos de cinco liñas destacámolas tipograficamente entre comiñas:

Segundo Medina López (1997: 17) «o bilingüismo supón o uso de dúas linguas por parte dun/dunha falante ou comunidade».

O termo de responsabilidade social tamén é utilizado «como forma de destacar o compromiso da cidadanía, das institucións –públicas ou privadas– e das organizacións sociais para contribuír ao aumento do benestar na sociedade» (Bazán *et al.*, 2016: 30).

- » As citas textuais de máis de cinco liñas irán, ademais de en parágrafo á parte, con letra redonda, en corpo menor e con máis marxe, tanto na esquerda coma na dereita:

Por un lado a frota que cruzou de Tasos a Acanto, tivo que soportar unha dura tempestade ao pé do monte Atos, na cal pereceron uns vinte mil homes segundo conta Heródoto:

Acto seguido, desde Tasos arribaron as súas naves cara ao veciño continente e, bordeando as súas costas, seguiron adiante, ata Acanto; posteriormente, partindo de Acanto, intentaron dobrar o Atos. Non obstante, mentres o estaban costeando, aba-

teuse sobre eles un violento furacán do norte, imposible de capear, que reduciu terriblemente a frota, pois lanzou gran parte das naves contra o Atos. Segundo contan, os navíos que se foron a pique ascenderon a uns trescentos, mentres que as perdas humanas superaron as vinte mil baixas.

Moreno Olmedilla (2011: 2) anuncia o seguinte:

A formación inicial do profesorado (...) tende a ser un dos elementos máis obsoletos dos sistemas educativos contemporáneos. Máis aínda no que concirne á formación de profesorado de ensinanza secundaria, pois esta baséase case exclusivamente na adquisición de coñecementos disciplinares especializados nas universidades, con moi pouca, ou nalgúns casos incluso ningunha, capacitación en procesos de ensinanza e aprendizaxe ou didácticas específicas.

- » Se se trata dunha cita que inicia pero non remata a oración, o punto escribí-molo despois das comiñas de peche:

Estas exprésanse nos seguintes eixes comúns e recoñecidos, onde se propón segundo Germán *et al.* (2011: 19-20) «formar o alumnado do modo máis completo posible cunha personalidade que teña en conta non só o intelectual en sentido restrinxido, senón tamén o afectivo, o psicolóxico, o corporal e o social».

Para Appel e Muysken (1996: 53) «os cambios económicos, a modernización, a industrialización e a urbanización son variables relevantes na descrición do mantemento e a substitución lingüística».

- » A chamada referida á nota no pé de páxina debe ir sempre despois dos signos de puntuación, xa que é un elemento extratextual e a puntuación non:

Ademais formou un grande exército regular constituído por persas, medos e xentes de orixes similares, e outro exército imperial composto por guerreiros de todas as nacións súbditas.<sup>1</sup>

Non podemos negar que existan, os conflitos prodúcense nos nosos centros educativos, nos campos de fútbol, nos parques, nas casas etc.<sup>2</sup>

Este selecto grupo formaba parte da nobreza persa, mentres que o resto dos inmortais procedían das clases plebeas.<sup>20</sup>



## COMIÑAS

Seguindo a nosa tradición bibliográfica, nos textos impresos empregaremos as comiñas latinas (« ») como regra xeral.

» Citamos o título dun artigo, reportaxe, conto, poema, capítulo dun libro ou calquera parte interna dunha publicación:

Analizaremos as seccións «Opinión» e «Fundamento da opinión» destes xornais.

O primeiro apartado é a «Introdución», na que se realiza unha aproximación xeral á administración electrónica e se manifesta a relevancia da temática escollida.

No seguinte apartado, «A lingua galega na sociedade e nas aulas», analízase o uso da lingua galega na actualidade, tanto na sociedade coma dentro do sistema educativo.

O seguinte capítulo titulado «O hábitat» comezará cun apartado centrado nas construcións.

» Delimitamos os títulos de programas, plans, proxectos, materias, cursos, exposicións, mesas redondas, premios etc., cando son demasiado extensos e se citan dentro dun texto:

Debido á festividade «Cambados: Cidade Europea do Viño 2017», o concello contratou dúas persoas como bolseiras de prensa para axudar nos labores relativos á comunicación e ás redes sociais.

Entre os lemas da Área de Normalización Lingüística destacamos «O peor galego é o que non se usa, ese non dá pé nin a ser mellorado».

É un artista actual que expón a súa obra actualmente no Marco de Vigo, na exposición «Alén dos xéneros. Prácticas artísticas feministas en Galicia» realizada en coprodución co Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, e comisariada por Ánxela Caramés.

O «Plan municipal de prevención de incendios forestais» debe concretar e adaptar as actuacións do ámbito local recollidas nos documentos de planificación de ámbito superior.





## COMPARACIÓN

Procedemento mediante o cal dicimos algo dun concepto relacionándoo con outro. Segundo o seu significado as estruturas comparativas poden dividirse en comparativas de igualdade, de superioridade e de inferioridade.

» *Coma* e *ca* son obrigatorios diante dos pronomes persoais:

Se tes irmáns ou irmás máis vellos *ca* ti, poderías dicirme cal é a súa profesión ou os estudos que realizaron ou están a realizar?

Estes son capaces de establecer interaccións de enlace de hidróxeno cos fenois e de retelos na mesma fase *ca* eles.

No ámbito familiar, presenta moita estabilidade, pais casados cunha gran solidez familiar e cunha irmá un ano menor *ca* ela, coa que a relación é exemplar.

» *Como* e *do que* son obrigatorios diante dun verbo:

Realizou a exposición mellor *do que* pensaba.

Cobra máis *do que* merece.

Chegou igual de canso *como* marchou.

» Nos casos en que poidamos usar indistintamente *ca/que* ou *coma/como*, recomendamosche as formas *coma* e *ca* por seren exclusivas da lingua galega:

Fala do risco de que unha alumna ou alumno traballe menos *ca* o resto.

Responde a tres características desexables para calquera deseño tanto no eido académico *coma* no empresarial.

A comprensión oral é mellor *ca* a escrita.

Nos seus traballos utiliza tanto técnicas tradicionais *coma* novos medios que ofrece a tecnoloxía.



## CONCORDANCIA

Á hora de redactares un texto debes de ter en conta a relación entre os seus elementos.

- » Os nomes femininos que comezan por vogal *a-* tónica conservan tamén o artigo en feminino:

Realízase esta investigación para coñecer o grao de sensibilización do profesorado *nesta área*.

Na metodoloxía, *a arte* ten un papel moi importante como medio de expresión, comunicación e de entender o mundo.

A falta de tempo e *dunha aula* na que teñamos liberdade de actuación

O aire ou *a auga*

- » O primeiro elemento dos adxectivos unidos con guión sempre se escribe en masculino e en singular:

O labor enfermeiro é moi importante, xa que realiza a *educación hixiénico-sanitaria* adaptada.

Iniciarse nas *habilidades lóxico-matemáticas*

O solo vai adquirindo unhas características propias tanto morfolóxicas como *fisi-co-químicas* e bioxeoquímicas.

- » O suxeito e o verbo dunha oración sempre concordan en número:

O *aumento* dos procesos migratorios da sociedade globalizada actual *ten* como resultado modificacións sociais, cambios económicos e unha maior pluralidade das aulas.

*Quen posúe* unha instrución elevada *ten* máis facilidades para practicar determinado tipo de actividades.

*Un 39 % esquecera* recoller o seu traballo.

- » O pronome relativo *quen* esixe que o verbo concorde con el en singular, agás co verbo *ser* que pode ir en plural:

Existía unha sorte de criba asemblearia para decidir que artistas realizaban os carteis e *quen* non.

*Quen* avalía?

*Quen* foi o líder dese réxime?

*Quen* son?

- » Se un adxectivo acompaña dous ou máis substantivos, escribímolo en masculino e en plural, agás se todos os substantivos son femininos:

Utiliza *parágrafos* e *oracións curtos*.

O *formulario* e a *folla de pagamento entregados* deberán estar asinados pola dirección do TFG.

Europa conta con miles de quilómetros de costa, o que supón unha gran diversidade de *praias* e de *paisaxes marítimas*.



## CONTRACCIÓNS

As contraccións son o resultado de unir dúas palabras.

- » *a, con, de, en, por* + artigo:

Este aumento na demanda orixina a necesidade *dun* consumo de xeito máis eficiente.

O ámbito educativo ten a capacidade de chegar *ás* xeracións futuras.

O ámbito territorial do presente plan é o concello de Rois, situado no suroeste da provincia *da* Coruña.

O obxectivo é que a información deste tipo poida ser transmitida *polos* mesmos medios.

Estas provocan, *á* súa vez, emocións ou contidos mentais.

» *de, en* + demostrativos:

Neste estudo farase un percorrido histórico.

As persoas marxinadas *desta* maneira poden sumarse máis facilmente a outros grupos da rede con xente con ánimo de vinganza.

En parte, eles e elas tamén tiñan que ver coa obra, e *desta* forma sería unha oportunidade de que elas e eles tomasen decisións na miña a través de min.

Este proxecto foi ideado para levalo a un espazo en especial, pero que, fóra *dese* lugar, a instalación se puidese gozar igualmente.

Comecei a obra enfadado comigo mesmo, por non ser capaz de saír *daquel* estado que durante catro meses me tiña condenado a terlle medo ao TFG.

» *de, en* + indefinidos:

A culminación destas operacións lóxicas caracterízase polo dominio da inclusión, cando o neno ou nena comprende que as categorías se inclúen unhas dentro *doutras*.

As ondas de calor serán máis frecuentes e durarán máis, as precipitacións serán maiores *nalgunhas* rexións e o océano seguirase queutando.

Os menús presentan erros na frecuencia de consumo *dalgúns* grupos de alimentos.

Por iso xerar confianza e fidelidade, así como un vínculo emocional cos individuos que *dalgunha* maneira consomen ou participan da marca a diario, é algo crucial.

Normalmente esta taxa no sector da construción é inferior á *doutros* sectores.

» *de, en* + pronome persoal tónico:

O meu proceso creativo, desde que son consciente *del*, pasa por diversas etapas, e creo que a máis importante é que non paro de flutuar con mil ideas.

A pouca apreciación no ámbito da educación fai que non reparemos *nel*.

Non só na túa cidade ou fóra *dela*, tamén fóra do teu país.

Ofrécelle ao público a posibilidade de coñecer cada unha *delas*, o momento e o lugar.

O meu proceso creativo, desde que son consciente *del*, pasa por diversas etapas.



## CURSIVA

- » Os títulos de libros, teses de doutoramento, publicacións periódicas, obras de arte, películas, programas de radio e de televisión etc.:

Para esta iniciativa guíeme por unha noticia do xornal *Atlántico Diario*.

Para a súa realización empregaremos o coñecido conto *Os tres porquiños* de Xosé Ballesteros, da editorial Kalandraka.

No programa da Radio Galega *Galicia por diante* trátanse as claves informativas do día.

- » Os nomes científicos utilizados en botánica e en zooloxía:

Neste último bloque é onde se sitúa o presente traballo, no que se estudan dous tipos de fibras como reforzo para o PLA: as fibras de piñeiro (*Pinus pinaster*) sen tratar e as fibras de piñeiro deslignificadas.

*Littorina obtusata* non foi incluída neste estudo.

Mostras de *Pinus sylvestris* achegadas polo Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira

Realizouse unha mostraxe nunha poboación de *Littorina fabalis*.

- » Os símbolos de magnitudes en obras científicas, fórmulas e termos alxebraicos:

Especificamente, o autoconcepto académico mostra un  $p > 0,05$ .

As alturas das arestas  $h_a$ ,  $h_b$ ,  $h_c$  e  $h_d$  toman un valor negativo, tal e como sucede na figura 22.

O  $h_2$  púidose ver na discusión individual de cada variable.

Desta forma, cada  $h_i$  toma un valor negativo no caso de ter que executar unha escavación.



## ESTRANXEIRISMOS

### » Escribímolos en letra redonda se están recollidos nos dicionarios galegos:

O relato dos e das escolares sobre a utilidade do *podcast*

O sentimento de ruptura co mundo laboral é algo menor no mundo rural, ao continuar con algunhas tarefas agrícolas, ben como axuda, ben como *hobby*.

O seguinte foi pedirilles timidamente aos meus pais poder facer *graffitis* alí.

### » Grafámolos en cursiva se aínda non figuran nos citados dicionarios:

Outra manifestación dunha actitude edadista é o uso de *elderspeak*.

Esta práctica vai ter a súa pequena aparición dentro da obra, xa que o disco de vinilo onde van ir gravadas as melodías vai ter o seu propio *artwork* con fragmentos das pezas da obra.

A súa famosa técnica recibiu o nome de *dripping*, que foi un procedemento pictórico que consistía en deixar gotear pintura directamente desde un recipiente.

### » Prescindimos deles cando temos un termo equivalente en galego:

Un exemplo deste tipo de comunicación é a *mercadotecnia* ~~o marketing~~ promocional.

Establécese *unha clasificación* ~~un ranking~~ dos últimos cinco anos.

Cómpre facilitar recursos *en liña* ~~on-line~~ que sexan de utilidade.

Como se trata dunha lingua non materna, tamén quixen preguntarlles pola interacción no idioma co alumnado, así como a *retroacción* ~~o feedback~~.

Os dispositivos que máis abundan son *os teléfonos intelixentes* ~~smartphones~~ e as tabletas.



## FEMININO

O feminino dos substantivos e dos adxectivos constrúese normalmente coa terminación *-a*, a excepción dalgúns casos coma os seguintes:

» As palabras acabadas en *-án* perden o *-n*:

As persoas que fixeron o intercambio en Alemaña ou en Austria progresaron na lingua *alemá*.

O envellecemento activo trata de ampliar a esperanza de vida *sa* e a calidade de vida para todas as persoas a medida que envellecen.

É unha habilidade necesaria para adaptarnos aos requisitos da vida *cotiá*.

No ámbito educativo en colexios de educación especial, de integración ou nos centros de estimulación *temperá*

» Os vocábulos rematados en *-ón* fan o feminino en *-oa*:

Estas actividades desenvolveranse en colaboración ou baixo a tutela dunha persoa responsable (anfitrión ou *anfitríoa*).

A *leoa* é a femia do león (*Panthera leo*).

Converteuse nunha *campioa* coa súa forma de actuar.

» Formas con terminacións diferentes:

Quixo achegar o seu traballo á *crúa* realidade.

Buscan nun lago a *actriz* desaparecida.

Eva Hesse foi unha escultora alemá e *xudía* de nacemento que foxe coa súa familia do xenocidio nazi, primeiro a Holanda e despois aos Estados Unidos.

» Nos substantivos invariables o artigo é quen nos informa sobre o xénero:

O *docente* explicoulles o desenvolvemento da tarefa.

A *cantante* sufriu unha caída durante o concerto.

A *estudante* preparou a seguinte enquisa para elaborar este traballo.



## INFINITIVO

### » Erro 1. Como verbo principal dunha oración:

Como aspecto positivo **cómpre destacar** ~~destacar~~ o grande índice de resposta a estas preguntas.

Neste apartado vou explicar os pasos **que se seguirán** ~~a seguir~~ para elaborar a parte plástica.

Son dous os autores **destacados** ~~a destacar~~ dentro da creación desta obra.

Desde o punto de vista metodolóxico, **cómpre sinalar** ~~sinalar~~ que principiamos coa busca xeral de información sobre a vida do autor.

Por último, **queremos agradecerlles** ~~agradecerlles~~ ás persoas convidadas a súa asistencia.

### » Erro 2. Con valor de mandato:

En realidade, empregáronse dous cuestionarios: un para o estudiantado de 4.º da ESO (**véxase** ~~ver~~ o anexo 1) e outro para o de 2.º de bacharelato (**véxase** ~~ver~~ o anexo 2).

Esta escala valora o nivel de comprensión lectora a través de probas como matrices non verbais (**elíxase** ~~elixir~~ a opción correcta entre seis).

(**consúltese** ~~consultar~~ o anexo 3: diapositivas da presentación)

### » Erro 3. A construción *substantivo + a + infinitivo*:

Unha alternativa **que cómpre ter en conta** ~~a ter en conta~~ son as unións gramadas.

Marcaranse os obxectivos **que se acadarán** ~~a acadar~~ a través desta investigación.

O motivo principal foi a localización dos bens **estudados** ~~a estudar~~.

Empregouse un cuestionario breve dos contidos **tratados** ~~a tratar~~ na unidade didáctica.





## INFINITIVO CONJUGADO

Tempo verbal característico do galego e do portugués inexistente no castelán, que nos indica quen realiza a acción. Fórmase engadíndolle ao infinitivo as correspondentes desinencias.

- » Recomendámosche o seu uso cando o infinitivo posúe un suxeito distinto do verbo principal; ten o mesmo suxeito ca o verbo principal, pero vai antes ca el; ou indica un suxeito indeterminado en terceira persoa do plural:

Conxunto de enfermidades xenéticas coa característica principal de **sobreviviren** de xeración en xeración, transmitíndose de pais e nais a fillas e fillos.

Pese a **existiren** algúns programadores de menor custo, o Pickit 3 é o programador de menor custo atopado.

A continuación mostramos a táboa realizada para **recollermos** toda a información precisa sobre os criterios expostos con anterioridade.

Nun breve prazo, estes contratempes obtiveron solucións que, sen **seren** definitivas, fortaleceron a confianza da comunidade educativa no proxecto común.

Os autores e autoras deberán aterse ás seguintes normas para **realizaren** e presentaren os orixinais.

**Ollo!** Nunca *a partires de* e *a pesares de* porque non son infinitivos



## LINGUAXE INCLUSIVA

Debemos evitar o uso discriminatorio da linguaxe por razón de sexo acudindo aos distintos recursos que a lingua pon á nosa disposición, os cales indicamos deseguido, e sen que iso atente contra as normas gramaticais.

» Segundo a Orde, do 22 de marzo de 1995, do Ministerio de Educación e Ciencia adaptamos os títulos académicos oficiais á condición feminina e masculina:

O obxectivo da titulación é formar **graduadas e graduados en Fisioterapia**.  
**Graduado ou graduada en Enxeñaría Mecánica** pola Universidade de Vigo  
**Mestra** en Educación Infantil

» Empregamos termos xenéricos e colectivos:

Recoméndase que todo o **persoal traballador** reciba formación en saúde mental.  
O programa conta cunha base de datos para manter unha listaxe de **usuariado** activo.  
Existe unha alta prevalencia de dor de costas no **estudiantado** de secundaria e de bacharelato.  
O **profesorado** non recolle medidas de avaliación da propia práctica docente.  
Toda a **ciudadanía** é consciente disto.

» Utilizamos nomes abstractos:

O **decanato** enviou as instrucións necesarias para cubrir as actas.  
A **dirección** do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo  
As respectivas **vicereitorías** reuniranse a vindeira semana.  
**Dirección e xerencia** (32 %)

» Omitimos o determinante nos nomes comúns en canto ao xénero:

**Titular da conta**  
Houbo na túa formación obrigatoria como **docente** algún contido referido á diversidade familiar ou sexual?  
**Solicitante da bolsa**

» Empregamos determinantes ou pronomes neutros:

Entrega a súa calidez a **quen** sabe solicitar.

Non acudiu **ninguén** ao exame presencial.

**Cadaquén** irá no seu coche particular.

» Efectuaremos a dobre flexión só no substantivo, porque leva a carga semántica do enunciado e evita que o texto se recargue. No caso de que o substantivo sexa o mesmo para os dous xéneros desdobrearemos o determinante:

**Moitos e moitas docentes** afirmaron que o seu primeiro ano de exercicio foi un absoluto desastre.

Existe un grande interese por parte **das e dos artistas**.

Cada **espectadora ou espectador** crea o seu propio relato.

O cine a través das accións **das e dos personaxes** ensina condutas e modelos de comportamento.

**Os e as integrantes** teñen diferentes rendementos, capacidades e habilidades.

» Usamos a barra (/). Recurso adecuado para suplir a falta de espazo no caso de certos documentos:

Só serven para empeorar a condición **da/o paciente**.

Como acontece na última sesión coa avaliación final, porque é unha actividade individual (**alumno/a-mestre/a**).

Neste punto concretamos **os/as participantes** cos que se realizan as probas.

» Acudimos á alternancia para non lle dar prioridade a un xénero sobre o outro:

Un dos maiores retos da actualidade é ofrecer unha educación de calidade para **todas e todos**.

Este traballo trata de recoller a memoria oral desa forma de vida esquecida para **os e as habitantes** actuais das aldeas do concello.

Agárdase que **a e o falante** poida actuar de acordo coas convencións relativas á postura, contacto visual e distancia a outras persoas.



## MAIÚSCULAS

A letra maiúscula é a forma marcada e excepcional. No caso de dúbida, aconséllámosche usar preferentemente a minúscula.

**Olo!** Sempre acentuaremos as maiúsculas cando así o esixan as regras de acentuación

### EN TODOS OS TERMOS

» As facultades e os departamentos:

Ás 14.00 h fomos xantar á [Facultade de Forestais](#).

É profesora titular no [Departamento de Química Analítica e Alimentaria](#).

Tamén quería agradecerlle ao [Departamento de Edafoloxía](#) o trato recibido durante este período.

» Os graos e as mencións:

Cursou a [Mención en Audición e Linguaxe do Grao en Educación Primaria](#).

Estudei [Arquitectura Técnica](#), unha carreira moi ligada ás ciencias pero cun grao importante de artística.

A información aquí reflectida é froito, fundamentalmente, da aprendizaxe académica no [Grao en Dirección e Xestión Pública](#).

» Os simposios, congresos, xornadas, encontros, coloquios, convencións e cumes de tipo político e social:

Colaboradora nun proxecto de arte e educación, encadrado na [Semana das Artes Plásticas da Mariña](#), colectivo que engloba docentes, artistas e asociacións culturais da comarca da Mariña

A Facultade de Filoloxía e Tradución acolleu o [I Congreso Internacional sobre o Impacto da Violencia nas Linguas](#).

A entrega de premios da [III Olimpíada Galega de Historia](#) tivo lugar no campus de Ourense.

» As denominacións de mostras, feiras, festivais, certames ou concursos:

*Outono Fotográfico* é un festival de fotografía.

*Exposición de Tecidos e Vestidos no Laboratorio Gráfico* tivo lugar o 18 de xuño de 2018.

Esta data resulta idónea, xa que coincide co inicio da *Festa do Boi*, e as condicións climáticas son excelentes para as actividades no exterior.

*Afinidades Selectivas* reúne pezas de oito artistas.

» Os títulos de publicacións periódicas (revistas, xornais, blogs, páxinas web etc.):

O seu labor de etnógrafo tamén se facía ver cada domingo en *La Voz de Galicia* na sección «Prazas e rúas».

*A Trabe de Ouro* comezou a publicarse en 1990 cunha periodicidade trimestral.

Realizouse unha análise do currículo da ESO da comunidade autónoma de Galicia, establecido no Decreto do 25 de xuño de 2015, recollido no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

» As etapas históricas:

O obxectivo é analizar o tratamento da *Transición* en España nos manuais de segundo de bacharelato.

En xaneiro comeza o xerme que dará paso á denominada *Primavera de Praga*.

Centrándonos no cartel político, este remóntase como tal ao século XIX, e o seu auge vai aparelado á *Revolución Industrial*.

Este traballo versará sobre o *Maio do 68* na súa vertente francesa.

Galicia posúe unha longa tradición oleira que se iniciou na *Prehistoria* e que sobrevive na actualidade diseminada en pequenos lugares polo territorio.

» As denominacións de orixe e as indicacións xeográficas protexidas (IXP):

Cinco son as denominacións de orixe dos viños galegos: *Rías Baixas*, *Ribeiro*, *Ribeira Sacra*, *Valdeorras* e *Monterrei*.

*Pan de Cea*

*Pemento do Couto*

*Castaña de Galicia*

## SÓ NO PRIMEIRO TERMO

### » As denominacións científicas en zooloxía e en botánica:

Na era cuaternaria apareceron *Vitis aussoniae* e *Vitis vinifera*.

*Gobiusculus flavescens* é un claro exemplo, xa que as femias presentan ventres de cor amarelo-laranxa durante a época de cría.

Outro caso, por exemplo, é o *Ischnura senegalensis*, un insecto nativo de África no que as femias poden presentar dous fenotipos distintos.

O lagostino branco *Penaeus vannamei* é orixinario da costa oriental do océano Pacífico.

### » As materias académicas:

Pese a isto non consegue alcanzar os obxectivos mínimos do curso e suspende *Lingua castelá*, *Lingua galega* e *Matemáticas*.

Como valoras o mobiliario da aula para a práctica da materia de *Debuxo técnico*?

O estudo aquí presentado levouse a cabo sobre o currículo correspondente á materia de *Bioloxía e xeoloxía* para os cursos da ESO nos que se imparte.

Permitíume explicarlle o meu proxecto ao alumnado de segundo de carreira na materia de *Arte e modernidade*.

Tamén convén destacar que o alumnado é moi favorable a usar as TIC na materia de *Tecnoloxía*.

### » As denominacións de cursos, seminarios, obradoiros, mestrados, programas de doutoramento, posgraos e mesas redondas:

O vindeiro curso matricularase no *Mestrado universitario en profesorado en educación secundaria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas*.

*Programa de doutoramento en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria*

O *Mestrado interuniversitario en neurociencia* impártese nas universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña.

- » As comunicacións, relatorios, discursos, conferencias, presentacións (exposicións de carácter cultural referidas a un tema concreto) etc.:

No «Relatorio sobre a situación actual da prostitución do noso país» (2007) elaborou un informe para instar o Goberno a incluír medidas de sensibilización.

«Neoloxismos en lingua galega» foi unha das conferencias da III Xornada de Neoloxía de 2019.

Ciclo de cine «Entre tebras»

- » As campañas, lemas e slogans:

Medramos contigo

A nova campaña entre a Universidade de Vigo e o Concello de Pontevedra chámase *Falamos*.

Na universidade en galego sen dúbida

- » As obras de creación propia na primeira palabra, inclusive as pertencentes a épocas en que non estaban fixadas as normas ortotipográficas:

A seguinte obra de importancia será *Galicia no corazón*, do ano 1977.

Xa hai un tempo tiven a sorte de poder ler o libro *Funcións ecolóxico-ambientais do monte en Galicia, unha perspectiva económica*.

No seu libro *Poéticas do espazo*, Yates dedícalle un capítulo a cada artista, escritor ou escritora que dun xeito ou outro empregou o espazo dunha forma diferente e innovadora ou mesmamente escribiu sobre el.

En xaneiro de 2016 o fundador do foro, Klaus Schwab, publica o seu libro *A cuarta revolución industrial*.

- » Os documentos con título propio:

O *Marco común europeo de referencia* xa dedica no seu capítulo 1 un subapartado ao concepto de «plurilingüismo».

Segundo o artigo 148.14 da *Constitución española* de 1978, as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de artesanía.

O *Plan de normalización da lingua galega* (2004) recolle máis de 400 medidas a favor do uso do galego na sociedade.

A Comisión Europea reconece as entidades de investigación que integran nas súas políticas, en particular nas de recursos humanos, os corenta principios da [Carta europea do investigador](#) e o [Código de conduta para a contratación de persoal investigador](#).

O Parlamento Europeo publicou o [Informe sobre explotación sexual e prostitución e o seu impacto na igualdade de xénero](#).

» As leis, decretos, ordes, disposicións, resolucións, regulamentos etc.:

Todos estes aspectos aparecen recollidos na [Lei orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, [para a mellora da calidade educativa](#).

Algunhas leis educativas, como a [Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo](#) (LOXSE), prescribían certos materiais en canto a libros se refire.

Real decreto 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da [Lei de sociedades de capital](#)

» As denominacións dos imperios:

Este poder seguírono exercendo cando a República Unida de Tanzania conseguiu a súa independencia do [Imperio británico](#).

Este traballo analiza un suceso que ocorreu a comezos do século v. a. C. en Grecia e que marcou o seu futuro: as guerras médicas fronte ao [Imperio persa](#).

## MINÚSCULAS

Como norma xeral as preposicións, as conxuncións e os artigos escribímolos en letra minúscula.

» Despois de dous puntos e seguido:

A formación inicial do profesorado: unha aproximación teórica

O procesamento cognitivo consta de catro compoñentes: [planificación](#), atención, procesamento simultáneo e procesamento sucesivo.



Resumo: un diagnóstico de trastorno do espectro autista na familia dá lugar a diversos cambios na dinámica relacional.

Palabras clave: **intervención**, memoria de traballo e dificultades de aprendizaxe

» As formas desenvoltas dos tratamentos:

Por este último saíría elixido deputado nas Cortes Constituíntes **don** Ramón Otero Pedrayo.

Estamos a falar do relevo do sepulcro de **don** Pedro Eáns de Novoa na capela maior da catedral.

» Os cargos oficiais, as profesións, os graos académicos e militares etc.:

O socialista Nyerere foi elixido primeiro **presidente** do novo estado.

Necesítase un **graduado/a** en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

Estas probas realizounas a **orientadora** do centro durante o curso 2017/2018.

Con este traslado a Cáceres, exercerá alí a súa profesión de **inspector**.

» Os adxectivos que non corresponden cunha denominación oficial:

Estas familias manifestan non estar satisfeitas cos servizos de protección da **Administración pública**.

Antigamente só se vendían e marcaban cunchas de vieira en Santiago de Compostela, xa que toda persoa que fixera compravenda fóra desta cidade era excomulgada da **Igrexa católica**.

Ademais, coas leis de educación vixentes no **Estado español** e os currículos preténdense introducir novas formas de traballo.

» As designacións das institucións ou das entidades acompañadas de demostrativos, posesivos ou elementos anafóricos:

**Este tribunal europeo de dereitos humanos** condenou a España por unha aplicación excesiva de sancións penais.

O Estado español ten a media de mulleres presas máis alta de Europa polo peso que teñen os delitos contra a saúde pública **no noso código penal**.

» As denominacións en plural ou sen existencia legal:

Para comprobar isto, estudaremos as estatísticas oficiais que publican as [administracións públicas](#).

Segundo os [plans de protección civil](#) da Xunta de Galicia (2003) os riscos máis comúns son os seguintes.

A [delegación de alumnado](#) convocou unha asemblea para a vindeira semana.

Neste marco, unha vez aprobados os [plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito](#), cómpre realizar a planificación no ámbito municipal.

» Algúns termos de uso corrente:

A ferramenta da aprendizaxe empregará as [tecnoloxías da información e da comunicación](#) (TIC).

Todo o debate comeza a ter repercusión en medidas e regulacións públicas como se pode advertir primeiro co lanzamento dos [obxectivos de desenvolvemento milenio](#) (ODM) e logo cos [obxectivos de desenvolvemento sustentable](#) (ODS) no ano 2000 e 2015, respectivamente, por parte das Nacións Unidas.

Terán acceso gratuíto á [wifi](#) da universidade.

Dotaron os seus centros con conexión a [internet](#).

» O nome xenérico dos monumentos:

Fieis de todas as partes do mundo visitan este día a [catedral](#) de Santiago de Compostela para realizar estas accións nomeadas antes.

Este museo está situado no [mosteiro](#) de Santa Clara.

Nunha das viaxes para facer traballo de campo, chego ata o [pazo](#) de Tor, na provincia de Lugo.

» Os espazos físicos de establecementos ou de edificios:

En xuño de 2015, Cambados estrea alcaldesa entre os aplausos dos e das asistentes no [salón de plenos](#) do concello.

Poderás validar os créditos do curso na [secretaría](#) do teu centro.

A conferencia terá lugar no [salón de graos](#) da citada facultade.

» Os ciclos educativos e as etapas formativas, así como os diferentes tipos de estudos:

O obxectivo principal do **traballo de fin de mestrado** é preparar dispersións coloidais estables de nanoestruturas.

O **traballo de fin de grao** ten como público obxectivo o alumnado de **educación secundaria obrigatoria**.

Nas universidades públicas españolas no **ámbito da enxeñaría e da tecnoloxía** soamente o 24 % do persoal investigador é muller.

Introduciranse diversas actividades para a aprendizaxe das **matemáticas**.

A alumna está escolarizada en 3.º de **educación primaria** nun colexio rural.

» As partes xenéricas das obras e dos documentos legais:

No **anexo 1** obsérvase un exemplo de factura mensual destas características.

Outro obxectivo atópase recollido no **artigo 23**.

Dezaoito estudantes cubriron este cuestionario (véxase a **figura 2**).

No **capítulo IV do título V** da Lei orgánica 1/2004 de violencia de xénero recolle un amplo catálogo de medidas de protección.

No **capítulo IV do preámbulo** da citada lei tamén se trata esta cuestión.

» Os nomes de insignias, cruces e calquera condecoración ou título:

O **escudo** de España, aprobado polo Real decreto en 1981, tamén responde a esta construción.

Hoxe en día pódese ver o **escudo** do bispo na igrexa, na cruz parroquial e nun dos seus cálices.

As persoas gañadoras da **medalla de ouro** competirán para representar a Galicia na Olimpíada Nacional de Formación Profesional, SpainSkills.

» O termo xenérico que non forma parte do topónimo:

O seu litoral oriental atópase bañado polo **océano Índico**.

O presente estudo levouse a cabo na **ría** de Vigo.

Contáronlle que era o único animal mitolóxico atopado na **península ibérica**.

Deberá presentar un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da **comunidade autónoma** de Galicia.

A exposición realizarase nas facultades do **campus** de Pontevedra.

» Nas denominacións das revolucións, os adxectivos que expresan nacionalidade:

A escola pública creada tras a [Revolución francesa](#) era de carácter relixioso e serviu para instruír e formar a cidadanía en nocións e en habilidades básicas.

O cartel político terá un papel fundamental durante a [Revolución rusa](#) e posteriormente nos réximes fascista e comunista.

» As guerras e as batallas:

Isto débese a que foi enviado e incorporado a filas á [guerra de Marrocos](#).

O inicio da [guerra do Golfo](#) comezou coa invasión iraquí a Kuwait o 2 de agosto de 1990.

» Nas denominacións de guerras se a expresión é simplemente apelativa e non equivale a un nome propio, agás as expresións antonomásticas (Guerra Civil, Gran Guerra):

A [segunda guerra médica](#) converteríase nunha auténtica invasión de conquista, sen posibilidade de que saíse mal segundo a mentalidade das persoas.

Logo da [primeira guerra mundial](#) tivo lugar un proceso de reindustrialización no estado.

Para iso, e a modo de ilustración, vanse mencionar dous casos: as intérpretes nos campos de concentración en Polonia e as interpretacións durante os xuízos por crimes de guerra en Polonia despois da [segunda guerra mundial](#).

As [guerras médicas](#) foron un episodio moi relevante para a historia de Grecia na antigüidade.

» Os nomes dos meses:

Pontevedra, [xuño](#) de 2019

A campaña tivo lugar en [outubro](#) de 2017.

Realizouse unha busca nos meses de [xaneiro](#), [febreiro](#) e [marzo](#) de 2018 nas bases de datos Medline, Cinhal, WOS e Scopus.

Estas leváronse a cabo durante o mes de [abril](#) e principios de [maio](#) de 2019.

» Os puntos cardinais cando non forman parte dun topónimo:

Desta forma, a *Vitis vinifera* colonizou Europa (fig. 1) desde o leste durante a Idade de Pedra.

Son preferibles lugares con pequena pendente orientados de norte a sur.

Un caso concreto de inseguridade alimentaria en países do sur dáse nas zonas en conflito armado.

» As leis, teorías e principios científicos, agás nos nomes propios:

A lei de Stokes é importante para comprender o mecanismo de microorganismos nun fluído.

O teorema de Pitágoras: exercicios e solucións



## NÚMEROS

Existen dous modos de representar os números mediante cifras: a numeración romana (reducida na actualidade a uns cantos contextos moi específicos) e a numeración arábica (empregada actualmente). Dentro desta última, podemos escribir os números con cifras ou con letras.

### CIFRAS

» As idades das persoas:

O perfil típico dunha familia analizada neste estudo sería unha familia cun fillo ou filla primoxénito de entre 6 e 11 anos, que foi diagnosticado con TEA entre os 2 e os 3 anos.

Proba de acceso para maiores de 25, 40 ou 45 anos

Debían ser homes de entre 18 e 30 anos.

As idades da persoas beneficiarias abranguen desde os 13 ata os 30 anos.

» Nos números de máis de catro cifras recomendámosche agrupalas de tres en tres, comezando pola dereita, e inserir entre os grupos un espazo de non separación, agás nos documentos contables:

En Galicia hai un total de 245 658 empresas con actividade na comunidade.

O historiador dá a cifra de 1 700 000 combatentes persas.

Cando *Penaeus vannamei* pesa entre 30 e 45 g libera entre 100 000 e 250 000 ovos de aproximadamente 0,22 mm de diámetro.

**Nota:** espazo de non separación [Ctrl + Shift + espazo]; en Mac [Alt + Cmd + x]

» Entre o número enteiro e os decimais escribimos unha coma:

O 78,4 % da mostra, 29 alumnos e alumnas, obtivo a puntuación máxima.

Ter unha agudeza visual inferior ou igual a 0,1 (a décima parte da visión normal).

A densidade de poboación é de 49,86 habitantes por quilómetro cadrado.

Galicia atópase na cuarta posición cun total de 57,80 puntos.

» Para marcar os anos académicos, as datas etc., utilizamos a barra:

Ano académico 2018/2019

As conclusións máis relevantes tras investigar as lesións producidas durante a tempada 2016/2017 son as seguintes.

29/05/2019

Esta modalidade comezou no curso 2017/2018.

## LETRAS

» As décadas:

Foi un texto relevante na época dos oitenta.

O emprego dos antibióticos comezou arredor dos anos trinta co descubrimento da penicilina.

Durante a década dos corenta participa na reorganización do nacionalismo na clandestinidade.

A medida que o vídeo avanza aumenta o ritmo ata chegar á década dos noventa cun gran dinamismo.

» A duración dun período:

Ese ano deuse o golpe de Estado que acabou coa instauración dunha ditadura que duraría **corenta** anos.

Nestes **trinta** anos de historia ampliou o seu alcance.

Colabora desde hai **oito** anos co coro da ONCE de Vigo.

O Concello de Cambados está rexido por un cuadripartito despois de máis de **vinte** anos de historia co Partido Popular no poder.

As importacións españolas presentan un importante crecemento desde hai máis de **vinte** anos.

» As cantidades cando encabezan un enunciado ou despois de punto:

**Trescentas** persoas acudiron ao acto no campus vigués.

**Seis** deles localízanse na provincia de Ourense e outro na provincia de Pontevedra.



## PARTICIOPIO

» Erro 1. En substitución de toda unha estrutura verbal pasiva:

**Presentáronse** ~~Presentadas~~ todas as solicitudes para participar no proceso de selección.

**Encontreuse** ~~Encontrado~~ un carné da biblioteca no aparcadoiro.

» Erro 2. Ao comezo dunha oración e con valor temporal:

**Tras rematar** ~~Rematadas~~ estas, lanzáronse unhas preguntas xerais.

**Unha vez analizados** ~~Analizados~~ os datos, obtívose que para a variable decisión numérica oral un total de 12 alumnos e alumnas tiveron unha puntuación inferior a 30.

**Logo de observar** ~~Observados~~ os distintos resultados das probas, pódese concluir que a estudante presenta dificultades en todas as áreas avaliadas.

## PERÍFRASES VERBAIS

### » Ir + infinitivo. Expresa futuridade e inminencia:

Polo tanto, **imos analizar** ~~imos a analizar~~ o que están a facer realmente.

Isto é algo que nos **vai acompañar** ~~vai a acompañar~~ ao longo do noso percorrido histórico e vital.

Dentro dos procesos físicos tamén se **vai analizar** ~~vai analizar~~ o desenvolvemento sexual.

**Vai depender** ~~Vai a depender~~ tanto das características dos antibióticos coma das propiedades dos solos.

**Vaise explicar** ~~Vaise a explicar~~ a metodoloxía empregada no deseño da investigación.

### » Vir + de + infinitivo. Soamente expresa o remate dunha acción con idea de movemento:

As rapazas **veñen de xogar** un partido.

A Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia **acaban de asinar** ~~veñen de asinar~~ un convenio.

O Concello de Allariz **acaba de desenvolver** ~~vén de desenvolver~~ un proxecto rural de cría e comercialización de carne de boi de Allariz.

### » Ter + participio. Só indica unha acción no pasado rematada e repetida no tempo:

Moito **temos pensado** na edición deste libro.

Ademais, **publicou** ~~ten publicados~~ multitude de artigos.

Segundo o INE, a poboación activa está formada polas persoas de 16 ou máis anos que na semana de referencia **achegaron** ~~teñen achegado~~ os seus servizos á produción de bens ou servizos, ou están en disposición e en condicións de achegalo.

Recentemente, **realizou** ~~ten realizado~~ estudos sobre a análise do xenoma.





## PLURAL

O número permite clasificar os substantivos e os adxectivos en singular e en plural.

» Os monosílabos rematados en *-l* engaden *-es*, ao igual ca os seus compostos:

Ultimamente comezaron a considerarse líquidos iónicos todos os *sales* que presentan un punto de fusión inferior á súa temperatura de descomposición.

*Cales* eran as vosas principais preocupacións e medos ante a posible transformación?

Deberían dotarse as fiestras dun sistema de protección solar extremo, mediante toldos, *parasoles* fixos ou móbiles, que tornen a incidencia directa dos raios do sol, pero si deixen pasar a luz.

» As palabras agudas de máis dunha sílaba acabadas en *-l* mudan o *-l* por *-is*:

Cómpre adaptar dez entradas dixitais compatibles con lóxica TTL aos *niveis* de funcionamento.

Para clasificar a agudeza visual podemos utilizar a escala de Snellen composta por ortotipos, *paneis* de letras ou símbolos.

Os *portais* de internet das diferentes cadeas de televisión almacenan as súas reproducións para un acceso fácil do público consumidor.

Os baremos mídense en *percentís* e eneatipos por curso escolar, desde 1.º de educación primaria a bacharelato para a mostra española.

» As parénteses serven para sinalar a existencia de dúas opcións posibles (singular e plural):

Debes presentar *a(s) solicitudes(s)* antes do 30 de novembro.

Este ensaio analizouse mediante un modelo normal, co tempo de interacción *coa(s) femia(s)* como variable dependente.



## PREFIXOS

- » Separamos o prefixo *ex-* cun guión, co significado dun cargo ou dunha condición que se tivo anteriormente:

O noso sistema busca reducir a diferenza segundo o *ex-ministro* Wert.

Decantámonos polo emprego dunha metodoloxía cualitativa, en concreto unha entrevista a unha *ex-alumna* e a un *ex-alumno*.

- » Utilizamos o prefixo *post-/pos-* para formar palabras co significado de 'posterior no espazo e no tempo'. Usa *post-* cando a palabra comeza por vogal, *s-* ou *h-* e *pos-* cando empeza por consoante:

Cómpre destacar a importancia da *posproducción* nesta peza artística.

Estilos modernistas e *posmodernistas* demostraron a súa valía como tal.

É unha filósofa *postestruturalista* que actualmente ocupa a cátedra Maxine Elliot de Retórica, Literatura Comparada e Estudos da Muller na Universidade de California.

O *posparto* pode dividirse en *posparto* inmediato ou puerperio e *posparto* tardío.

- » Hai prefixos unidos á palabra que acompañan:

Que é para ti o *autoconcepto*?

Foi tamén coautor de máis de 25 publicacións.

O alumnado pertence a institutos dunha área *periurbana* e outra *semirrural*.

O concepto de *biorrefinaría* está cada vez máis desenvolvido.

É o dispositivo máis empregado tanto na *preadolescencia* coma na etapa adulta.



## PREPOSICIÓN A CO COMPLEMENTO DIRECTO (CD)

- » En xeral, o complemento directo constrúese sen a preposición *a*:

A sociedade **mantivo as mulleres** apartadas do poder exercitado no patriarcado.

As aplicacións educativas son programas informáticos destinados a formar e a **ensinar persoas** cunha metodoloxía innovadora.

As actividades formuladas tratan de **guiar o alumnado**.

Non basta con **reunir tres** ou catro estudantes.

- » A preposición *a* é obrigatoria cando o complemento directo de persoa é un nome propio, un pronome ou unha estrutura comparativa:

Galicia alcanzou **a** Andalucía na produción do aceite.

Necesitamos **a** alguén con experiencia.

No que se refire aos presentadores e presentadoras tomados como referencia para este estudo podemos nomear **a** Carlos Fernández, Pedro Piqueras e Sandra Golpe.

## PRETÉRITO DE SUBXUNTIVO

Existe a tendencia a utilizar este tempo verbal (formas en *-se*) como antepretérito de indicativo (formas en *-ra*).

» Sinala unha acción que podería realizarse pero que non se levou a cabo:

O que interesaba do grupo de poboación non era que **existise** existira unha gran diversidade demográfica.

En principio os baremos de retribución son iguais para todos os socios, agás que **negociasen** negociaran outros diferentes.

A falta de apoio desde a escola fixo que o número de practicantes se **fose** ~~fora~~ reducindo progresivamente.

O enquisador estivo presente durante a recollida dos datos para poder resolver calquera dúbida que **xurdise** ~~xurdira~~ ao respecto.

Non nos gustaría que ninguén nos **quitase** quitara o poder sobre as nosas decisións.

» Empregámolo nas construcións condicionais para falar dunha acción que non se vai cumprir ou que é pouco probable:

Sería produtivo que se **probase** en institutos piloto.

Se, pola contra, **houbese** un déficit de terras, o balance de terras amosaríase como negativo.

Se **tivésedes** unha variña máxica, cal sería a vosa escola ideal?

Recoñecen que se **tivesen** un problema o falarían no seu grupo de iguais.



## PRONOMES PERSOAIS ÁTONOS

### FORMAS

Os pronomes desempeñan as mesmas funcións ca un substantivo ou ca un grupo nominal, ademais de servir para evitar repeticións.

» Te/Che. Unha regra para diferencialos é substituír *te* polo pronome de terceira persoa *o/a* e *che* por *lle*:

É moi habitual conseguir un traballo porque alguén que coñeces sabe que *te* dedicas a publicidade e infórmate de que unha empresa busca unha persoa de comunicación.

Non *che* darei ese agasallo.

Gústache o novo proxecto?

» Pronome de complemento directo (*o, a, os, as*)

– As formas *o, a, os, as* empregámolas cando o pronome non está unido ao verbo ou cando vai pegado a formas verbais rematadas en vogal ou en *-n*:

Portouse moi mal con el, pero *quérea* igual.

O escritor volve estudar o que escribiu e *compárao* cos seus criterios internos.

*Fíxoa* de forma que os nomes sexan neutros e non evoquen algunha clasificación xa coñecida.

A posición e a orientación xeolóxica da serra *convértea* no primeiro obstáculo que se encontran as grandes masas de aire cargadas de humidade do Atlántico.

En canto ao oficio de venda de peixe Pérez Oroza (2011) *denomínaas* como pescantinas.

– As formas *-lo, -la, -los, -las* utilízámolas cando o pronome vai unido a formas verbais acabadas en *-s* ou en *-r* ou xunto a outro pronome persoal átono rematado en *-s* (*nos, vos, lles*):

Tras rematar de *facelo*, quedo coa satisfacción de descubrir unha nova paixón que de seguro me acompañará o resto da miña vida.

En ningún caso illar as aprendizaxes, senón *incluílas* de forma cotiá e natural no día a día.

Desta maneira, obtemos os beneficios que esta estimulación nos presenta e con ela a importancia de *traballalos* en educación infantil.

– As formas *-no, -na, -nos, -nas* usámolas cando o pronome vai unido a formas verbais rematadas en ditongo:

O regulamento *asinouno* o 11 de decembro de 2013 o presidente da Eurocámara.

Este libro *merqueino* na Feira do Libro Vello e de Ocasión.

O profesorado *comentounos* que as clases serían virtuais.

– O pronome de complemento indirecto é invariable en xénero pero non en número (*lle, lles*). As respectivas contraccións co complemento directo son *llo, lla, llos, llas/llelo, llela, llelos, llelas*:

Polo tanto, estudan a súa parte e prepáranse para *contárllela* ás demais persoas que pertencen ao seu grupo.

A continuación *pásallo* á persoa do lado para que escriba a súa parte da tarefa.

*Aprendícheas* no instituto ou fóra del?

Máis tarde, os fenicios herdaron os coñecementos sobre viticultura dos hebreos e *transmitíronllelos* aos gregos.

» É moi común que, aínda que apareza expreso o complemento indirecto, se reforce a través do pronome átono (*lle, lles*):

Elaborouse un cuestionario que se *lles* pasou a docentes en período de práctica.

A escola é un ente que *lle* transmite ao estudantado uns coñecementos necesarios para a súa vida diaria.

*Correspóndelles* ás administracións educativas dispor dos procedementos.

- » Certos verbos constrúense con complemento directo e non con complemento indirecto (*informar, convocar, citar, convidar, avisar, saudar...*):

É obrigatorio **informalo** de onde poden atopar as programacións didácticas.

**Convidámolos** ao xantar de mañá.

Cando chegue a esta biblioteca **avisarémoste** para que pases a recollelo.

- » Non son verbos reflexivos *caer, calar, casar, lavar, marchar, parar, quecer, quedar, romper, sorrir, subir...*:

Extrema as medidas de hixiene e **lava lávate** as mans frecuentemente.

A miúdo **queda quedáse** durmido na aula.

Cando rematamos, moitas xa **marcharan se marcharan** a coidar os seus fillos e fillas, pois estaban alí con elas na cadea.

**Quedei Quedeime** coa sensación dando voltas e solemnemente sentado sobre as rochas limítrofes co mar.

**Seca** Sécate as mans cunha toalla desbotable.

## COLOCACIÓN

- » Como regra xeral, o pronome átono vai detrás do verbo e unido a el (verbo + CD + CI) e nunca pode iniciar unha oración:

Na primeira parte **realizouse** unha revisión da situación actual.

Á parte dos anteriores, outros tests **demostrárono**.

A necesidade de continuar o traballo **fixome** buscar máis cumios en Galicia.

Sobre esta crenza **mantense** o presente estudo.

Nalgúns contextos é **obrigatorio** colocar o pronome **diante do verbo**:

- » Nas oracións negativas, interrogativas, exclamativas e desiderativas:

Que motivos concretos **vos levaron** a escoller para a etapa de educación infantil eses cinco ambientes?

Por que se **lle chamou** así?

Como **se organiza** a xornada con este tipo de pedagogía?

Que importancia lle **dades** á estética dentro dos ambientes?

En que **vos inspirades**?

» Nas oracións subordinadas:

Non se adaptan ás diversas situacións que **se presentan** na actualidade.

Quero que **te animes**.

A intervención realizada tivo múltiples resultados, xa que avaliar despois de cada conto **nos dá** unha gran cantidade de información.

» Tras algúns adverbios e pronomes:

Os centros educativos son lugares onde **se habita** unha gran parte das horas da infancia.

Neste traballo só **se analiza** a figura dos curas obreiros desde o eido laboral.

Se o pensamento e as ideas **se constrúen** a través da linguaxe esta será o punto de partida.

Nalgúns casos o pronome átono pode ir **antes ou despois do verbo**:

» Cando o infinitivo vai precedido por unha preposición:

No caso contrario, a empresa corre o risco **de se estancar/de estancarse**.

Debes revisar o texto antes **de o enviar/de envialo**.

» Nas perífrases verbais ou un verbo conxugado seguido de infinitivo ou de xerundio:

Todas estas actividades **débense de corresponder/deben de se corresponder/deben de corresponderse** con obxectivos e con contidos do programa.

O solo **débase considerar/debe considerarse** unha interfase na cal se producen multitude de interaccións de natureza biótica e abiótica coa litosfera, a biosfera e a atmosfera.

En concreto, ao longo deste traballo **vaise estudar/vai estudarse** a relación entre o xogo e a educación desde a perspectiva da ludificación.





## SIGLAS

Abreviación dun sintagma formado a partir da unión das letras iniciais de cada elemento. Permítenos evitar a repetición de sintagmas longos.

» Escribímolos en maiúsculas e sen puntos:

A aplicación realizouse a modo de proba só para o alumnado de primeiro curso da ESO.

Para a detección das necesidades educativas de apoio específico (NEAE), no centro leváronse a cabo unha serie de probas.

Ao comparar as puntuacións co baremo de 3.º de EP, compróbase como a alumna se encontra por debaixo da media.

Inclúe o/a IP dun grupo de investigación.

Este traballo xorde mentres se desenvolven as prácticas no IES As Lagoas.

» Son invariables en xénero e en número. A súa flexión indícase no determinante e manteñen o xénero do substantivo principal:

A electrónica de control controla os disparos dos IGBT IGBT's para a conversión en electricidade.

Adicionalmente, invéstigase a implicación das dúas ONG ONG's en proxectos de cooperación e axuda humanitaria en materia de nutrición.

A maioría das enfermidades de transmisión alimentaria (ETA) (ETA's) cursan con diarreas e vómitos.

» Cómpre desenvovelas a primeira vez que as usamos nun texto:

É ben sabido que na actualidade as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) presentan numerosos usos en innumerables campos.

No caso da formación profesional (FP) en España, representa a mellor vía de cualificación inicial.

Descoñecémolos porque non sempre se recoñece o traballo feminino, e mais nos campos do ámbito STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas).

En primeiro lugar, descartei o curso de 2.º de bacharelato debido á súa intensa preparación para a avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU).

A poboación obxecto de estudo foron as 35 familias con nenos ou nenas con trastorno do espectro autista (TEA).

## SÍMBOLOS

Signos establecidos por organismos internacionais competentes no campo en que se empregan, co fin de facilitar o intercambio de información. Non obstante, hai símbolos de uso tradicional e a súa validez restrínxese a ámbitos xeográficos ou lingüísticos limitados. Un exemplo serían os puntos cardinais:

### NOMES EN GALEGO

N (norte)	NO (noroeste)
S (sur)	SO (suroeste)
L (leste)	NL (nordeste, nordés)
O (oeste)	SL (sueste)

### CONVENCIÓN INTERNACIONAL

N (norte)	NW (noroeste)
S (sur)	SW (suroeste)
E (leste)	NE (nordeste, nordés)
W (oeste)	SE (sueste)

#### » Nunca levan puntos:

En xaneiro de 2020 comézaselles a cobrar unha cota anual de 12 € ás persoas afiliadas.

Atópase en hábitats mariños tropicais, nos que a temperatura da auga supera os 20 °C durante todo o ano.

Os machos maduran a partir dos 20 g de peso e as femias a partir dos 28 g, cunha idade entre os seis e os sete meses.

#### » Sen marca de plural:

Ao longo da extensión do concello conviven zonas de monte que se elevan ata preto dos 600 m de altitude.

Trouxo un bote de pintura de 500 ml.

O centro permanece aberto de luns a venres de 8.00 a 14.30 h.

» Van cun espazo de non separación da palabra que acompañan:

O tempo de incubación é de 48 h.

No meu caso o lenzo posúe unhas medidas de 30 x 30 cm.

O 31,3 % das persoas enquisadas sufriron dor de costas no último ano.

Seleccionaron entre catro posibles cantidades establecidas: 1000 €, 1500 €, 2000 € e 2500 €.

Podémolo comprobar nas edicións do mediodía (15.00 h) e nas da noite (21.00 h).

**Nota:** espazo de non separación [Ctrl + Shift + espazo]; en Mac [Alt + Cmd + x]



## TOPONIMIA

### GALEGA

Segundo o establecido no artigo 10 da Lei de normalización lingüística de 1983, os topónimos de Galicia terán como forma única a galega (cpapx.xunta.gal/toponimia-oficial):

Hai unha clara diferenza entre a dinámica das provincias atlánticas (A [Coruña](#) e [Pontevedra](#)) e a das provincias orientais ([Lugo](#) e [Ourense](#)).

Neste traballo preténdese facer unha pequena investigación sobre un grupo de poboación do concello de [Caldas de Reis](#).

Linda con outros concellos como [Portas](#), [Vilagarcía de Arousa](#) ou [Valga](#).

Trinta e catro encontrábanse na franxa atlántica costeira ou preto dela como, por exemplo, [Nigrán](#) ou [Baiona](#).

## FORÁNEA

- » No ámbito institucional, como o caso da Universidade de Vigo, nos topónimos do Estado español debe primar o criterio de oficialidade e non o de adaptación:

As comunidades con menos porcentaxe son [La Rioja](#) (0,89 %), [Navarra](#) (1,18 %) e [Cantabria](#) (1,29 %).

Tramo de 17-30: as mulleres superan os homes en [Castilla La Mancha](#) nun 7,69 %, e en [Extremadura](#) onde os superan por un 0,95 %.

- » Nos topónimos das comunidades autónomas cunha lingua propia empregaremos a forma da lingua autóctona:

Andalucía, [Catalunya](#), a [Comunitat Valenciana](#) e a Comunidad de Madrid son as comunidades onde o sector artesán ten un maior desenvolvemento en termos económicos.

A máscara é obrigatoria desde hoxe nas [Illes Balears](#).

En España, os mellores resultados atópanse en [Euskadi](#) con 59,29 puntos.

- » Na toponimia internacional adaptamos os topónimos cunha forma xa consolidada, os de nova creación ou aqueles cun alfabeto diferente:

O grupo creado en Berlín, [Alemaña](#), no ano 1967, é coñecido polo seu son atmosférico e por crear decenas de álbums de estudo relacionados coa temática espacial.

A traumática perda de [Alxería](#) deixa ao descuberto un país en vías de industrialización pero aínda eminentemente agrario.

De feito, os primeiros indicios prodúcense en [Bos Aires](#).

John Cage naceu en Los Ángeles o 5 de setembro de 1912 e finou en [Nova York](#) o 12 de agosto de 1992.



## TRADUCCIÓN DOS NOMES PROPIOS

### » O nome das institucións e dos organismos públicos:

Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2015)

A súa elaboración baséase nas consideracións observadas nas fontes documentais consultadas para elaborar este estudo e nas recomendacións da [Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación](#) (ANECA).

Durante a elaboración do traballo de fin de grao respectáronse os principios da [Declaración de Helsinki](#) e o convenio do [Consello de Europa](#) relativo aos dereitos humanos e biomedicina, así como toda a lexislación vixente.

Posteriormente, naceron a [Comisaría Rexia](#), o [Padroado Nacional de Turismo](#) (PNT), o [Servizo Nacional de Turismo](#) e a [Dirección Xeral de Turismo](#).

A partir do 19 de xullo de 1951 pasou a depender do [Ministerio de Información e Turismo](#) (MIT).

### » A denominación das universidades estranxeiras:

Foi catedrática na [Universidade de Harvard](#).

Un estudo recente da [Universidade de California](#) observou que as/os pacientes con TDC empregaban máis a miúdo o hemisferio cerebral esquerdo, a parte analítica.

A [Universidade de Indiana](#), entre outras, decidiu poñer en práctica esta proposta.

### » Os títulos de textos legais:

[Real decreto 385/2017](#), do 8 de abril, polo que se declara a transhumancia como manifestación representativa do patrimonio cultural e inmaterial

[Lei orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

[Lei orgánica 2/2006](#), do 3 de maio, de educación

## VERBOS CON ALTERNANCIA VOCÁLICA

O verbo é unha palabra variable que expresa acción, proceso ou estado. Existen verbos regulares en que a vogal do lexema sofre modificacións no tema do presente.

### » Alternancia i/e

PRESENTE (IND.)	PRESENTE (SUBX.)	IMPERATIVO
consigo	consiga	
conse <u>g</u> ues	cons <u>i</u> gas	cons <u>i</u> gue
conse <u>g</u> ue	cons <u>i</u> ga	
conse <u>g</u> uimos	cons <u>i</u> gamos	
conse <u>g</u> uides	cons <u>i</u> gades	conse <u>g</u> uide
conse <u>g</u> uen	cons <u>i</u> gan	

PRESENTE (IND.)	PRESENTE (SUBX.)	IMPERATIVO
inv <u>i</u> sto	inv <u>i</u> sta	
inv <u>i</u> stes	inv <u>i</u> stas	inv <u>i</u> ste
inv <u>i</u> ste	inv <u>i</u> sta	
inv <u>e</u> stimos	inv <u>i</u> stamos	
inv <u>e</u> stides	inv <u>i</u> stades	inv <u>e</u> stide
inv <u>e</u> sten	inv <u>i</u> stan	

As persoas **séntense** identificadas cos seus deseños.

Esta tendencia **converte** a competencia comunicativa intercultural nunha das debilidades clave para acceder ao mercado laboral.

A masculinidade hexemónica non se **consegue** a través da forza.

A proba **serve** para avaliar o procesamento cognitivo dos nenos e nenas entre 5 e 17 anos.

España **segue** o seu proceso de avellentamento.

» Alternancia u/o

PRESENTE (IND.)	PRESENTE (SUBX.)	IMPERATIVO
ac <u>u</u> do	ac <u>u</u> da	
ac <u>o</u> des	ac <u>u</u> das	ac <u>u</u> de
ac <u>o</u> de	ac <u>u</u> da	
ac <u>u</u> dimos	ac <u>u</u> damos	
ac <u>u</u> dides	ac <u>u</u> dades	ac <u>u</u> dide
ac <u>o</u> den	ac <u>u</u> dan	

A cantidade de enerxía que **consume** un fogar depende principalmente do seu tamaño, localización, tipo de vivenda e número de ocupantes.

**Recobre** boa parte da superficie terrestre.

A idea deste proxecto **xorde** da análise dos diferentes aspectos.

O público lector **descobre** as súas potencialidades lúdicas.

A comunidade moicante **sofre** segregación espacial e discriminación social.

**Nota:** cando dubides á hora de conxugar un verbo, fai clic en 'Conxugar' no *Diccionario da Real Academia Galega* (<https://academia.gal/diccionario/>).



## VERSALETA

» A numeración romana cando acompaña un substantivo escrito en minúscula:

Tiven que sufrir na miña propia pel situacións sexistas impropias do **século xxi**.

Durante gran parte da historia ata o **século xviii** explicar a orixe ou o porqué da regra resultaba confuso.

» Os étimos das palabras:

A orixe do verbo 'traballar' encontrámola nunha forma do latín vulgar **tripaliare**, que significa 'torturar'.

A evolución do grupo -GN-: **tam magnu** > tamaño



## VOZ PASIVA

Acotío atopamos un uso abusivo de construcións pasivas nos documentos que dificultan a comprensión. Como ben sabemos, a orde normal dos elementos dunha oración é suxeito + verbo + complementos.

» Recomendamos as construcións activas por seren máis claras e directas:

O profesorado realizará varias preguntas e o **estudantado debaterá as respostas** as respostas ~~deberán ser debatidas polo~~ ~~estudantado~~.

O **alumno transcribiu as gravacións** As gravacións ~~foron transcritas polo~~ ~~alumno~~.

Debuxan homes en profesións que tradicionalmente **realizan** ~~son realizadas por~~ estes e mulleres en profesións que tradicionalmente **realizan** ~~son realizadas por~~ elas.

» É preferible usar a pasiva reflexa (verbo en voz activa + *se*) fronte á voz pasiva (*ser* + participio):

As gravacións de son **transcribíronse** ~~foron transcritas~~ textualmente.

Estes **considéranse** ~~son considerados~~ os elementos relevantes.

As entrevistas graváronse ~~foron gravadas~~ co fin de transcribilas sen erros e poder escoitalas varias veces para establecer as diversas categorías.

Ademais, a información obtida **almacenarase e publicarase** ~~será almacenada e publicada~~.

**Recoméndase** ~~É recomendable~~ que cando utilices este tipo de transporte uses unha máscara.





## XERUNDIO

### » Erro 1. De posterioridade:

As reconfiguracións son necesarias cada pouco tempo e **chegan/para chegar** ~~chegando~~ a refugar elementos.

Tanganica e Zanzíbar negociaron e acordaron a súa unificación e **converteuse** ~~converténdose~~ o novo estado nunha república presidencialista.

As importacións sitúanse en todo o período de análise por riba das exportacións e **orixinan** ~~orixinando~~ unha balanza comercial deficitaria.

Despois desta etapa os efectos vólvense irreversibles e **tradúcense** ~~traducéndose~~ no futuro nun baixo rendemento académico e físico.

Analízase a percepción do profesorado e do alumnado e **rematarase/que rematará** ~~rematando~~ cunha síntese da situación actual.

### » Erro 2. Con valor especificativo:

O seu sucesor foi Ali Asan Mwinye, **que exerceu** ~~exercendo~~ a presidencia do país ata 1995.

A titora acompañanos en todo momento **como sendo** colaboradora.

Este incremento do PIB non repercutiu sobre todos os sectores da poboación e **orixinou** ~~orixinando~~ niveis de desigualdade en renda importantes.

Todos os documentos comunicativos xerados desde o concello non pasan un filtro común, xa que se carece dunha persoa específica **que exerza** ~~exercendo~~ os labores de comunicación, relacións públicas, medios etc.

### » Erro 3. Causal-consecutivo:

Tratei de valorar a súa eficacia e **cheguei** ~~chegando~~ ás seguintes conclusións.

Deixáronme a min mesma pedir voluntarios e voluntarias **para explicarlles** ~~explí- cándolles~~ o obxecto do meu estudo.

O emprego dos antibióticos comezou arredor dos anos trinta co descubrimento da penicilina, **o que supuxo** ~~supoñendo~~ un grande avance na ciencia.



# SOLUCIONES A ERROS RECORRENTES

Non son todos, pero si os máis numerosos.

## A-COTÍO

Esta historia non se atopa na paisaxe, nas cousas que podemos ver **acotío**, fálanos das nosas orixes.

Os vídeos créanse **acotío** en colaboración con outros/as artistas.

Sae a pasear **acotío**.

## A PARTIRES DE

A **partir** do racionalismo de Descartes, prodúcese unha diferenciación entre a razón e a emoción.

Foi **a partir** do sufraxismo cando as mulleres reivindicaron a súa autonomía.

Unha nova inxerencia xurdiu en min **a partir** deste traballo.

## A PESARES DE

A **pesar diso**, un test de resposta pechada é moito máis axeitado.

Esta metodoloxía xa está máis ca obsoleta para o mundo globalizado no que vivimos, **a pesar de** que cada vez hai máis profesionais do ensino que tentan innovar e introducir técnicas e metodoloxías máis motivadoras para o alumnado.

**A pesar da** súa fama como científico o libro tivo un efémero éxito.

## A SÚA VEZ

**Á súa vez**, podemos concluir que todas infrinxen as regras e as expectativas sociais.

Aplícanse a través dunha serie de accións concretas que, **á súa vez**, responden a unha serie de obxectivos prefixados pola organización para satisfacer as súas necesidades comunicativas.

Para Boltansky as fotografías superpostas ou veladas experimentan **á súa vez** a metamorfose da imaxe máis alá da fixeza da representación.

## A VECES

A oferta formativa é menor nas zonas rurais e **ás veces** estas accións non son fáciles.

Non obstante, a súa aplicación práctica pode resultar **ás veces** complicada.

Á miña parella Ana, por darme todos eses momentos de felicidade entre a penumbra que **ás veces** se converte o arduo estudo nos anos de duración da carreira.

## ADICAR

Na sección **dedicada** ao deseño e á implementación das actividades referirémolos ao traballo desenvolto co primeiro grupo.

Así foi como decidín facer unha obra complexa **dedicada** ao espazo exterior e aos corpos que nel se atopan.

Tal e como se indica na sección **dedicada** ás actividades.

## APARTE DE

Á **parte das** conclusións, gustaríame comentar as posibilidades futuras desta peza.

Á **parte dos** ilotas espartanos que tamén estiveron presentes no enfrontamento, os tespios mantiveron a súa posición na loita final das Termópilas apoiando os seus aliados.

Á **parte da** episiotomía, outras lesións perineais tamén se relacionan coa dispareunia, como a sutura perineal ou a lesión obstétrica do esfínter anal.

## APORTACIÓN, APORTAR

Estes contidos **achéganlles** ferramentas útiles tanto no contorno académico coma no persoal.

Faise unha reflexión das **achegas** que fixo ao ámbito educativo, etnográfico e social.

Cómpre **achegar** novas ferramentas de análise de manuais educativos.

## ASIGNATURA

Existe unha actitude negativa desta **materia** que dá lugar aos malos resultados académicos.

É dicir, o que se fixo foi un pouco achegar a un territorio máis profesional a **materia**, estendela.

Creo que deberíamos ter algunha **materia** sobre escritura creativa ou profundar máis nela en xeral.

## ASIMISMO

**Así mesmo**, entenden que a conduta do individuo se ve afectada por diversos factores, entre eles os sociais.

**Así mesmo**, insírese neste subapartado a loita contra os canons que debe cumprir un corpo.

O alumnado absentista e expulsado posúe, **así mesmo**, un autoconcepto social significativamente máis baixo ca quen non tivo estes comportamentos.

## BÚSQUEDA

**Busca** de números

A **busca** de resultados fundaméntase no ensaio e no erro.

Grazas a utilizar filtros de **busca** os eventos concretos aparecerán de primeiros nas listaxes.

## EA (CONTRACCIÓN)

Engadiuse a competencia global **coa** finalidade de avaliar o compromiso do alumnado.

Considérase, xunto **coa** cuncha da vieira, o símbolo máis característico do camiño.

**Coa** obtención das debilidades e das fortalezas presentes dentro dos programas e materiais que traballan isto na actualidade, permitiralles unha aprendizaxe propia e a opción de realizar un cambio se fose necesario.

## CALQUER

É o alumnado quen ten que estar pendente de **calquera** noticia ou cambio que xurda.

Permítelle ao usuario ou usuaria efectuar unha tarefa concreta de **calquera** tipo.

Non inclúe bares, restaurantes ou **calquera** tipo de establecemento que non celebren un acontecemento concreto.

## CARA (LOCUCIÓN PREPOSICIONAL)

Elaboran propostas de mellora de **cara ao** seguinte curso.

Isto axuda a saber quen somos e **cara a** onde podemos orientar a nosa vida.

Estas emocións **cara ás** ciencias diminúen a medida que avanzan na carreira escolar.

## CONTEMPLAR

Ten **en conta** a participación do alumnado e os procesos de mellora.

Faise unha delimitación de como se **recollen** estas tecnoloxías no marco normativo, nas políticas, nos investimentos...

É algo que varias marcas nin sequera **consideran** como opción.

## CREES

Segundo o teu punto de vista do sector que postos **cres** que se están demandando máis por parte das empresas?

Por que **cres** que é así?

Para que **cres** que é mellor o uso das TIC nas clases?

## CUSTE

A utilización dun material de orixe residual en procesos de descontaminación e de baixo **custo** é algo moi interesante e sinxelo de levar a cabo.

Se se logran abaratar os **custos** de produción, a súa utilización podería verse moi impulsada nos vindeiros anos.

Cómpre salientar que un dos eixes do proxecto é a optimización de recursos e a redución de **custos**.

## DE ACORDO A

Manteñen unha liña **de acordo coas** perspectivas historiográficas tradicionais.  
O traballo empírico que se presenta estrutúrase **de acordo con** cinco partes nucleares.  
Primeiramente explicaranse os seguintes desenvolvementos **de acordo coas** idades de interese para este traballo.

## DE SEGUIDO

Falárase das identidades recollidas na norma, **deseguido**.  
Recompilámos e agrupámos, **deseguido**, todos os arquivos do ano 2016.  
**Deseguido** empregouse un instrumento de medida para recadar información.

## DERRADEIRO

A percepción que ten o alumnado non variou apenas nas **últimas** décadas.  
O certo é que entregas, traballos e presentacións apíñanse nestas **últimas** datas, e todas semellan transcendentais.  
No **último** consello de goberno faláron de darlle prioridade á semipresencialidade.

## DESCRIPCIÓN, DESCRIPTIVO

A esencia do estudo de caso é a **descrición**.  
Aplicouse unha análise **descritiva** a partir das frecuencias de distribución das categorías das variables.  
**Descrición** de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos ou actividades

## DESENNOLAR, DESENNOLO

Non se **desenvolve** este punto da programación.  
Seguíronse unha serie de pasos para manter unha orde no **desenvolvemento** do traballo.  
Para **desenvolver** o proxecto o alumnado dispuxo de dúas sesións.



## DETERIORO

Formas de **deterioración** do patrimonio construído en rocha

Os imaxinarios sociais están atravesados pola idea de **deterioración** asociada ao paso dos anos e á redución dos espazos e dos intereses vitais.

Nada de fumes, óxidos, **deterioracións** e, en xeral, calquera tipo de imperfección

## DIFERENCIA

O obxectivo do presente traballo é establecer se existen **diferenzas** nas variables sociocognitivas entre o estudantado que mantén comportamentos antisociais e o que non.

Polo tanto, aprécianse **diferenzas** significativas nestes grupos.

Existen **diferenzas** salientables en relación co medio.

## DISMINUCIÓN, DISMINUÍR

**Diminución** do exercicio e abuso dos medios de transporte para desprazamentos, entre outros

Aínda que a fertilidade **diminuíu**, o crecemento vexetativo foi considerable.

Isto **diminúe** en certa forma as expectativas sobre o produto.

## E (VERBO 'SER')

Para clasificar a discapacidade visual ou cegueira **é** necesario coñecer a agudeza visual (AV) e o campo visual (CV).

Galicia **é** coñecida polas festas populares, tradicionais e gastronómicas.

O *m-learning* tamén **é** unha tendencia actual que aposta pola integración de dispositivos móbiles na aula.

## EIXO

Cómpre salientar que un dos **eixes** do proxecto é a optimización de recursos e a redución de custos.

O **eixe** central da actividade educativa baséase nesa cuestión.

Permítelle ao usuario da aplicación poder observar os resultados nun **eixe** temporal.

## ELO (PRONOME DEMOSTRATIVO NEUTRO)

Para **iso** empregáronse nanopartículas de sílice.

Por todo **iso**, este traballo ten como obxectivo estudar o funcionamento cognitivo.

Inclúise todo **isto** na investigación.

## EN CANTO

Esta metodoloxía resultou positiva **en canto á** aprendizaxe significativa dos contidos.

**En canto á** avaliación da lectura comete moitos erros de precisión.

**En canto á** súa utilidade como promotores do crecemento, as doses de antibióticos nos pensos en ocasións encóntranse en valores superiores aos establecidos.

## EN RELACIÓN A

A distinción faise **en relación co** contexto.

Para elaborar este traballo o primeiro paso foi atopar as referencias bibliográficas **en relación co** tema central que é a importancia da música nas aulas de secundaria.

Non encontramos diferenzas significativas **en relación co** sexo.

## ENTORNO

O presente estudo permitiu a posta en práctica da aprendizaxe cooperativa nun **contexto** de ensinanza secundaria obrigatoria.

Os dous programas xéranse sobre o **contorno** de programación.

O alumnado dos centros implicados desenvolven a súa actividade educativa nun **contorno/medio** virtual de aprendizaxe.

## ESTUDIAR, ESTUDIO

Para rematar, é importante **estudar** os grupos de persoas traballadoras do sector da construción tendo en conta os tramos de idade nos que se atopan.

Realizouse un **estudo** descritivo e transversal.

**Estudar** a baixa demanda de matrícula nos ciclos de edificación e obra civil

## FAI

O obxectivo é darlle forma a un proxecto que leva vivo en min desde **hai** moito tempo.

**Hai** quen establece os inicios da responsabilidade social corporativa hai miles de anos.

Reparei no feito de que cada vez que **vai** mal tempo, decenas de paraugas remantan nas rúas de Pontevedra.

## FINANCIACIÓN

Esta organización ten como modo principal de **financiamento** a venda do cupón para poder subsistir.

O art. 4 obriga os estados parte a declarar como acto punible toda difusión de ideas discriminatorias, a incitación á discriminación ou violencia discriminatoria, así como calquera asistencia a estas, incluído o seu **financiamento**.

Mais o verdadeiro problema tiñámolo no **financiamento**.

## FORA (ADVERBIO)

O primeiro que se fixo foi buscar outras investigacións tanto dentro coma fóra de Galicia.

Fóra da casa debuxa o seu irmán e os seus avós.

Na actualidade as relacións sociais son tanto presenciais coma en liña, relacionámonos tanto dentro coma fóra dos medios.

## GARANTIZAR

Este proxecto garante a dotación e o mantemento da infraestrutura.

Tentar amosar un mínimo de fluidez para garantir o propósito da mensaxe e do discurso

O currículo de educación infantil ten como obxectivo garantir unha educación común a toda a poboación sen discriminacións.

## GOZE

Cando aumenta o gozo, diminúe a ansiedade.

Funciona como un simple elemento de gozo.

Todo iso constitúe de forma obvia unhas enormes posibilidades e oportunidades de enriquecemento e gozo persoal.

## GRADO

Este traballo de fin de grao está dirixido a facer unha investigación teórica ao redor da figura de Antonio Fraguas e a educación patrimonial.

Para suplir esta falta de información e axudar o alumnado neste cambio parece necesaria unha guía de orientación laboral con contidos específicos relacionados co Grao en Publicidade e Relacións Públicas.

O estudo do grao da contaminación biolóxica e consecuentemente a calidade do aire é unha das liñas de maior interese na aerobioloxía.

## INVERSIÓN, INVERTIR

Cómpre reducir o diñeiro **invertido** para obter maiores beneficios.

Desta maneira, depende do tempo que cada docente pretenda **invertir** en cada actividade.

Son operacións que requiren de grandes **investimentos**.

## LISTADO

A partir da **listaxe** de fauna inventariada na zona, consúltase coa lexislación de influencia para determinar o grao de protección ao que se encontra sometida cada unha das especies inventariadas.

Finalmente, recompílese a **listaxe** de bibliografía empregada para realizar este traballo.

Levamos de antemán unha **listaxe** preparada.

## PLANTEXAMENTO, PLANTEXAR

Neste traballo de fin de grao **preséntase** como obxectivo principal coñecer o uso que o alumnado fai dos dispositivos móbiles e internet.

**Formúlanse** preguntas referentes ao primeiro período.

Esta vía ten un papel fundamental na **proposta** e na coordinación.

## PRESENCIA

En canto ao hábitat ten maior **presenza** nas grandes urbes.

Cabe destacar a **presenza** de abundantes néboas no verán por encima dos 600 m.

É por iso que a súa **presenza** é transcendental na serie final.

## PROFUNDIZAR

A partir de alí decídome a **profundar** na idea da metamorfose da imaxe.

Nos seguintes apartados **profúndase** nas características destas pinturas e dos procedementos máis empregados para a súa extracción.

De novo este é un tema que se **profundará** máis no apartado dos resultados.

## RECORRER, RECORRIDO

Que **percorrido** fan as células sexuais?

Estamos acostumadas e acostumados a visitar museos, a **percorrer** as súas salas e a establecer diversos **percorridos** para ver aquilo que ten maior interese ou prioridade para nós.

Aínda que a intención é facer un **percorrido** obxectivo polos acontecementos máis relevantes, cómpre advertir que cabe a posibilidade de que o público lector bote en falta aspectos que considere significativos na evolución do termo.

## REFLEXAR

Os resultados obtidos **reflicten** unha serie de carencias formativas entre o profesorado.

Nesta categoría **reflictese** a dificultade que presenta no procesamento sucesivo.

Non só as declaracións **reflectidas** nas transcricións son importantes.

## RETRASAR, RETRASO

Actualmente hai 155 millóns de nenas e nenos no mundo con **atraso** no crecemento.

A xuventude tarda máis en saír do seo familiar e independizarse, e creouse un **atraso** na idade do matrimonio e da reprodución.

Moitas enfermidades que provocan discapacidade visual e cegueira dispoñen de tratamentos e cirurxías que **atrasan** ou paralizan a enfermidade.

## SE NON (CONXUNCIÓN)

O motivo fundamental non é que as persoas aprendan arte, **senón** que o coñecemento estético e o traballo creativo sirvan de ferramenta educativa.

É sistemática, non ten carácter ocasional, **senón** que a responsabilidade social corporativa se prolonga non tempo.

Destacan non un nin dous equipos, **senón** seis.

## SEGÚN

**Segundo** este informe a aprendizaxe das matemáticas vese dificultada pola ansiedade e pola falta de confianza que ten o alumnado.

El confesoume que, **segundo** as súas investigacións, a miña tataravoa pertencía ao gremio dos oleiros.

Ensinoume a darlles forma ás pezas **segundo** a colocación das mans.

## SEN EMBARGO

**Non obstante**, o centro educativo caracterízase por ser un centro inclusivo.

**No entanto**, tamén ten enorme importancia e forma parte da base fundamental do traballo a bibliografía empregada en formato físico, é dicir, os libros, revistas, artigos...

**Porén**, os resultados non distan moito das criaturas que empregan un recurso co outro.

## SI (CONXUNCIÓN)

Verá o documento alterado dependendo de **se** o visualiza nun teléfono móbil ou nun ordenador.

Xerxes enviou emisarios para evitar a contenda ofrecéndolles aos gregos máis e mellores terras **se** depoñían as súas armas.

**Se** profundamos nos procesos nomeados anteriormente apréciase a gran complexidade de cada un deles.

## SOER

Os modelos lineais non **adoitan** obter bos resultados.

Os fluxos de información fóra das asembleas **acostuman** a ser de carácter informal.

Podemos deducir que o número de persoas traballadoras autónomas **adoita** ser máis estable e non lles afectou tanto a crise.

## SUBMINISTRO

Os problemas asociados á **subministración** en autoenxertos ou a eficacia no caso dos aloenxertos

Un dos servizos máis importantes é a **subministración** de auga potable.

As redes eléctricas están interconectadas para asegurar ao máximo a **subministración** eléctrica.

## TALVEZ

A familia tivo un segundo fillo e esta tivo a sensación de que **talvez** non lle prestaron suficiente atención ao seu segundo fillo por focalizala toda no seu fillo con TEA.

**Talvez** sexa o motivo polo que realizou o traballo fotográfico cunha cámara de gran formato.

**Talvez** son cuestións que non se reflicten nas imaxes.

## UNA (UNHA)

Utilizouse **unha** metodoloxía de natureza cualitativa.

Para chegar a **unha** conclusión de se a hipótese se cumpre ou non, elaborouse un cuestionario.

Destaca **unha** obra de gran mérito, entre outros escritos.



## VALER A PENA

Paga a pena revisar o tamaño do programa.

Foi un grande esforzo, pero penso que realmente paga a pena o resultado obtido.

Pagou a pena o esforzo feito.

## VAMOS

Para analizar os resultados imos centrar as respostas agrupando o falado en catro campos.

A continuación imos estudar canto e como inflúen estes novos elementos na nosa mocidade.

Imos analizar, pois, tres aspectos intimamente relacionados na formación en valores: educación, valores e medios de comunicación.

## XENERAR

É indubidable, en calquera caso, a relación que se xera entre os montes e as cidades próximas a eles.

Nestes casos, o organismo perde máis calor da que pode xerar.

En todos os centros están moi desconformes cos problemas que lle xera non ter ningún sistema de protección solar.

## XERALIZAR

Pódese aplicar de forma xeneralizada en todos os niveis ou ciclos?

Non obstante, de forma xeneralizada podemos dicir que o traballo cumpriu coas expectativas.

Co uso xeneralizado de internet, o mundo amoroso e sexual sufriu unha transformación.

# CLAVES PARA MEJORAR OS NUESTROS TRABAJOS



Cando escribimos debemos de nos asegurar **que** queremos comunicar e **como** o expresar. Por este motivo cómpre que axeitemos os escritos á nosa audiencia mediante unha linguaxe apropiada, inclusiva e xenuína.

- » Seleccionamos e ordenamos a información relevante
  - Situamos os datos importantes ao comezo do parágrafo
  - Eliminamos o punto final nas epígrafes
  - Empregamos listaxes con viñetas
- » Usamos parágrafos e oracións curtos
  - Mantemos a orde lóxica suxeito + verbo + complementos
  - Evitamos as oracións subordinadas
  - Suprimimos a coma entre o suxeito e o verbo ou entre o verbo e os complementos
- » Utilizamos os verbos en voz activa
  - Moderamos as oracións impersoais
  - Personalizamos os nosos escritos
- » Evitamos as ambigüidades
  - Empregamos sinónimos fronte ás repeticións
  - Suprimimos os estranxeirismos innecesarios

Con respecto á disposición do contido:

- Aliñamos toda a información dos documentos administrativos cara á esquerda, sen sangrado e cun espazo en branco entre cada parágrafo
- Adecuamos os textos á imaxe corporativa da Universidade de Vigo (símbolos, fontes e tamaño ou corpo da letra, cores etc.)

Finalmente, non nos debemos de esquecer de revisar, reler e corrixir o documento antes de entregalo.

CRITERIOS  
LINGÜÍSTICOS  
ADOPTADOS POLA  
UNIVERSIDADE  
DE VIGO



- 
1. Empregamos **ao** no canto da contracción o
  2. Usamos a segunda forma do artigo só nos casos en que é obrigatorio
  3. Utilizamos os sufixos **-aría** e **-ble**
  4. Empregamos a preposición **ata** no canto de *até*
  5. Non contraemos a conxunción comparativa ca cos artigos determinados
  6. Poñemos os signos de interrogación e de exclamación só para rematar as oracións

# RECURSOS E FERRAMENTAS INFORMÁTICAS



Poderás acceder a estas ferramentas de traballo a través do noso enderezo:

**[uvigo.gal/campus/lingua/asesoramento](http://uvigo.gal/campus/lingua/asesoramento)**

### DICIONARIOS

- » Portal das palabras (RAG). Tamén serve para conxugar verbos
- » Digalego
- » Dicionario de sinónimos do galego
- » Buscatermos
- » Dicionario moderno inglés-galego

### CORRECTORES ORTOGRÁFICOS

- » Ortogal
- » Galgo

### TRADUCTORES AUTOMÁTICOS

- » Tradutor Open Trad Apertium
- » Gaio
- » Traducíndote
- » Tradutor de Google

MATERIAL  
DIDÁCTICO  
DA ÁREA DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA





» *Na universidade en galego sen dúbida*

[uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-03/sendubida.pdf](https://uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-03/sendubida.pdf)

» *Na universidade en galego con seguridade*

[uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-03/Na\\_Univ\\_gal\\_seguridade\\_0.pdf](https://uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-03/Na_Univ_gal_seguridade_0.pdf)

» *Na universidade onde queiras pero coa lingua*

